



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2023-2024



*Praza dos reis s/n. 27360
Pobra de San Xiao
Lánacara*

PXA

CAPÍTULO I

1.- OBXECTIVOS XERAIS.....	3
2.- HORARIO XERAL DO CENTRO	6
3.- CALENDARIO XERAL 2023-24.....	8

CAPÍTULO II

4.- MATRÍCULA INICIAL 2023-24.....	10
5.- ORGANIGRAMA E FUNCIONAMENTO ORDINARIO.....	11
6.- RESUMO DA ORGANIZACIÓN ACADÉMICA.....	17
7.- FUNCIÓN TITORIAL, METODOLOXÍA E CRITERIOS AVALIACIÓN	20
8.- TRANSPORTE ESCOLAR	24
8.1.- NORMAS DE USO PARA O ALUMNADO.	
8.2.- OS ACOMPAÑANTES ESCOLARES.	
9.- COMEDOR ESCOLAR	28
9.1.- FUNCIONAMENTO XERAL DO COMEDOR.	
9.2.- ORGANIZACIÓN DAS QUENDAS DE COMEDOR.	
9.3.- ELABORACIÓN DOS MENÚS.	
9.4.- PERSOAL COLABORADOR.	
9.5.- VIXILANCIA NO RECREO DO MEDIODÍA.	

CAPÍTULO III

10.- CRITERIOS BÁSICOS PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	34
11.- ACTIV. EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS DE INFANTIL, PRIMARIA E DOS DEPARTAMENTOS DA ESO.....	36
12.- ACTIVIDADES PROPOSTAS POLO CLAUSTRO PARA A SÚA CONTINUIDADE	40
13.- PROGRAMAS E PROXECTOS SOLICITADOS POLO CENTRO.....	41
14.- PLAN ANUAL DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA	42
15.- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: CONCRECIÓNS ANUAIS	62
16.- PLAN DE IGUALDADE: CONCRECIÓNS ANUAIS	77
17.- PLAN ANUAL DE LECTURA: CONCRECIÓNS ANUAIS.....	80
18.- PLAN DE CONVIVENCIA: CONCRECIÓNS ANUAIS.....	84

CAPÍTULO IV

19.- XESTIÓN ECONÓMICA DO CENTRO	87
--	----

CAPÍTULO I

1.- OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.

Os obxectivos que establecemos para este centro educativo contemplados no PEC continúan a ser os mesmos que nos derradeiros anos en forma de ideario de centro.

- Apostar por un centro como sistema aberto. Polo tanto a acción educadora que desenvolvemos está aberta á colaboración dos pais de alumnos e demais institucións culturais e sociais da nosa contorna, tales como os concellos da comarca escolar, equipos médicos, asociacións culturais, etc.

- Tratar de entender a educación coma un proceso que abranca os diferentes aspectos que integran a personalidade do alumnado, tendo en conta a dimensión individual e social que buscan o perfeccionamento en eidos diversos: físico, intelectual e moral.

- Fomentar que os alumnos e alumnas estean abertos ás situacións de cambio que experimenta a sociedade.

- Rexer o centro polo principio de coeducación, entendéndoa coma un intento de educar para a igualdade, sen discriminación de ningunha clase por razón de sexo.

- Mostrar respecto con todas as crenzas, tendencias políticas ou ideolóxicas determinadas. Tratar de dar ao alumnado a información máis obxectiva posible.

- Contar dun xeito preferente coa contorna a nivel social e cultural e intentaremos que os alumnos e alumnas sexan conscientes de participar na súa mellora e conservación.
- Fomentar a educación solidaria, de xeito que o alumnado saiba apreciar os valores que rexen a vida de convivencia, na súa dimensión social, política e moral.
- Promover e organizar a convivencia entre os membros da comunidade educativa, baixo os principios de respecto, tolerancia e responsabilidade, fomentando a educación para a igualdade entre homes e mulleres.
- Fomentar unha educación non discriminatoria respectando a diversidade lingüística, de raza, relixión e cultura así como todos os principios xerais da democracia.
- Facilitar mecanismos que garantan a igualdade de oportunidades entre os noso alumnado e a non discriminación por razóns de tipo económico, cultural, social, ou de minusvalía física ou psíquica de calquera tipo.
- Crear nos alumnos hábitos de traballo, responsabilidade no estudo e actitudes de curiosidade e interese pola aprendizaxe, promovendo a autonomía persoal, a iniciativa propia e o espírito crítico.
- Propiciar a aprendizaxe significativa baseada nas teorías constructivistas, mediante actividades creativas e experimentais, que fagan partícipes de forma directa ao propio alumnado.

- Poñer a disposición de mestres e profesores todos os recursos do centro, dándolles todas as facilidades e apoiando novas iniciativas cara a unha formación integral e de calidade do noso alumnado.
- Promover e apoiar as actividades complementarias e extraescolares que axuden aos alumnos a adquirir novos coñecementos, atopando vínculos entre teoría e realidade e ampliando as súas fronteiras físicas e mentais.
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías no centro, implementando os medios e a formación necesaria, e valorando a súa importancia na sociedade de hoxe en día.
- Poñer en valor os diferentes sectores da comunidade educativa, facéndoos partícipes e fomentando a súa colaboración no funcionamento do centro.
- Solicitar a colaboración e implicación do concello, ANPA e outras entidades representativas da zona para desenvolver actividades encamiñadas á formación integral do noso alumnado.

2.- HORARIO XERAL DO CENTRO.

O horario xeral de funcionamento do centro correspóndese dende hai anos co dunha xornada mixta, a mellor maneira que atopamos de cumprir coas necesidades das 3 etapas educativas. Este ano introduciuse algún pequeno cambio interno, quedando o horario deste curso do seguinte xeito:

EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

<i>HORARIO</i>	<i>LUNS</i>	<i>MARTES</i>
9:30-10:30	1ª Sesión	1ª Sesión
10:30-11:30	2ª Sesión	2ª Sesión
11:30-12:00	RECREO	
12:00-13:00	3ª Sesión	3ª Sesión
13:00-14:00	4ª Sesión	4ª Sesión
14:00-15:40	COMIDA / COLABORADORES	
15:40-16:30	5ª Sesión	5ª Sesión
16:30-	TRANSPORTE	

<i>HORARIO</i>	<i>MÉRCORES</i>	<i>XOVES</i>	<i>VENRES</i>
9:30-10:20	1ª Sesión	1ª Sesión	1ª Sesión
10:20-11:10	2ª Sesión	2ª Sesión	2ª Sesión
11:10-11:40	RECREO		
11:40-12:35	3ª Sesión	3ª Sesión	3ª Sesión
12:35-13:30	4ª Sesión	4ª Sesión	4ª Sesión
13:30-14:20	5ª Sesión	5ª Sesión	5ª Sesión
14:20-15:05	COMIDA / COLABORADORES		
15:05-15:40			
15:40-	TRANSPORTE		

- **HORARIO LECTIVO:**
 - luns e martes de 9:30 a 16:30 h. (4 clases 60 min.+ 1 clase 50 min.)
 - mércores, xoves e venres de 9:30 a 14:20 h. (3 clases de 50 min. + 2 clases de 55min.)
- **COMIDA:**
 - luns e martes de 14:00 horas a 15:40 horas.
 - mércores, xoves e venres de 14:20 a 15:40 horas.
- **BIBLIOTECA:** todos os cursos terán asignadas dúas horas de uso exclusivo da biblioteca dentro do seu horario ordinario.
- **SAÍDA DO TRANSPORTE:**
 - luns e martes ás 16:30 horas.
 - mércores, xoves e venres ás 15:40 horas.

Os alumnos/as de infantil de 3 anos (4º Educación Infantil) teñen un período de adaptación excepcional (Orde do 3 de maio de 2023 pola que se establece o Calendario Escolar) no cal a incorporación será progresiva ata o día 15 de setembro.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:20	1ª Sesión	1ª Sesión	1ª Sesión	1ª Sesión	1ª Sesión
10:20-11:10	2ª Sesión	2ª Sesión	2ª Sesión	2ª Sesión	2ª Sesión
11:10-12:00	3ª Sesión	3ª Sesión	3ª Sesión	3ª Sesión	3ª Sesión
12:00-12:30	RECREO / SERVICIO DE BIBLIOTECA				
12:30-13:20	4ª Sesión	4ª Sesión	4ª Sesión	4ª Sesión	4ª Sesión
13:20-14:10	5ª Sesión	5ª Sesión	5ª Sesión	5ª Sesión	5ª Sesión
14:10-15:00	6ª Sesión	6ª Sesión	6ª Sesión	6ª Sesión	6ª Sesión
15:00-15:40	COMIDA / COLABORADORES				
15:40-				TRANSPORTE	
15:40-16:30	7ª Sesión	7ª Sesión			
16:30-	TRANSPORTE				

- **HORARIO LECTIVO:**
 - luns e martes de 9:30 horas a 16:30 h. (7 sesións de 50 min.)
 - mércores, xoves e venres de 9:30 a 15:00 h. (6 sesións de 50 min.)
- **COMIDA:**
 - todos os días de 15:00 horas a 15:40 horas.
- **BIBLIOTECA:** todos os días de 12:00 a 12:30 horas.
- **SAÍDA DO TRANSPORTE:**
 - luns e martes ás 16:30 horas.
 - mércores, xoves e venres ás 15:40 horas.

3.- CALENDARIO XERAL 2023-24.

No Claustro que se celebrou o día 6 de Setembro de 2023 fixéronse as datas para a realización das avaliacións, escolléronse os dous días non lectivos que fixa a Orde do 3 maio de 2023, e tamén se marcaron as datas para a celebración dalgunhas das diferentes actividades que se realizarán durante este curso escolar. As datas que se acordaron para as diferentes avaliacións deste curso 2023-24 son as seguintes:

	INFANTIL E PRIMARIA	SECUNDARIA
AVAL. INICIAL	17 / 10 / 2023	18 / 10 / 2023
1ª AVALIACIÓN	12 / 12 / 2023	18 / 12 / 2023
2ª AVALIACIÓN	12 / 03 / 2024	19 / 03 / 2024
3ª AVALIACIÓN E FINAL	24 / 06 / 2024	24 / 06 / 2024

Os dous días NON lectivos que escolleu o centro para este curso serán o 13 de outubro de 2023 e o 20 de maio de 2024.

A continuación expoñemos o planing anual coas datas que acordou o Claustro e a CCP, para a realización de diferentes actividades e celebracións:

PLANING ORIENTATIVO ANUAL CPI RAMÓN PIÑEIRO (SETEMBRO / XANEIRO - CURSO 2023-24)



SETEMBRO		OUTUBRO		NOVEMBRO		DECEMBRO		XANEIRO					
1	Ve	1	Do	1	Mér	DÍA DE TODOS OS SANTOS	1	Ve	1	Lu			
2	Sá	2	Lu	2	Xo		2	Sá	2	Ma			
3	Do	3	Ma	3	Ve		3	Do	Día internacional das persoas con discapacidade	3	Mér		
4	Lu	4	Mér	4	Sá		4	Lu		4	Xo		
5	Ma	5	Xo	5	Do		5	Ma		5	Ve		
6	Mér	6	Ve	6	Lu		6	Mér	DÍA DA CONSTITUCIÓN	6	Sá		
7	Xo	7	Sá	7	Ma		7	Lu	DÍA DO ENSINO	7	Do		
8	Ve	8	Do	8	Mér		8	Ve	DÍA DA INMACULADA CONCEPCIÓN	8	Lu		
9	Sá	9	Lu	9	Xo		9	Sá		9	Ma		
10	Do	10	Ma	10	Ve		10	Do	Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos	10	Mér		
11	Lu	INICIO DAS CLASES	11	Mér	11	Sá	11	Lu		11	Xo		
12	Ma	12	Xo	DÍA DA HISPANIDADE	12	Do	12	Ma	1ª AVALIACIÓN EI / EP	12	Ve		
13	Mér	13	Ve	DÍA ESCOLLIDO POLO CPI	13	Lu	13	Mér		13	Sá		
14	Xo	14	Sá		14	Ma	14	Xo		14	Do		
15	Ve	Final do período de adaptación de 4º de Infantil	15	Do	15	Mér	15	Ve		15	Lu		
16	Sá	16	Lu		16	Xo	16	Sá		16	Ma		
17	Do	17	Ma	AVALIACIÓN INICIAL EI / EP	17	Ve	17	Do		17	Mér		
18	Lu	18	Mér	AVALIACIÓN INICIAL ESO Data límite avaliación inicial	18	Sá	18	Lu	1ª AVALIACIÓN ESO	18	Xo		
19	Ma	19	Xo		19	Do	19	Ma		19	Ve		
20	Mér	20	Ve		20	Lu	Día universal da infancia	20	Mér	20	Sá		
21	Xo	21	Sá		21	Ma		21	Xo	ENTREGA NOTAS INF/PRI/ESO FESTIVAL DE NADAL	21	Do	
22	Ve	22	Do		22	Mer		22	Ve	INICIO VACACIÓNS NADAL	22	Lu	
23	Sá	23	Lu		23	Xo		23	Sá		23	Ma	
24	Do	24	Ma		24	Ve		24	Do		24	Mi	Día internacional da Educación
25	Lu	25	Mér		25	Sá	Día Internacional contra a Violencia de Xénero	25	Lu	NADAL	25	Xo	
26	Ma	26	Xo		26	Do		26	Ma		26	Ve	
27	Mi	27	Ve		27	Lu		27	Mi		27	Sá	
28	Xo	28	Sá		28	Ma	Comemoración Constitución / Estatuto Autonomía	28	Lu		28	Do	
29	Ve	29	Do		29	Me		29	Ve		29	Lu	
30	Sá	30	Lu		30	Xo		30	Sá		30	Ma	Día Internacional da Paz
		31	Ma	MAGOSTO				31	Do		31	Mi	

1º trimestre: 67 días lectivos

PLANING ORIENTATIVO ANUAL CPI RAMÓN PIÑEIRO (FEBREIRO / XUÑO - CURSO 2023



FEBREIRO		MARZO		ABRIL		MAIO		XUÑO					
1	Xo	1	Ve	1	Lu	Día das Artes Galegas	1	Mér	DÍA DO TRABALLADOR	1	Sá		
2	Ve	2	Sá	2	Ma		2	Xo	Día internacional contra o acoso escolar	2	Do		
3	Sá	3	Do	3	Mér		3	Ve		3	Lu		
4	Do	4	Lu	Semana da prensa	4	Xo	4	Sá		4	Ma		
5	Lu	5	Ma		5	Ve	5	Do		5	Mér	Día mundial do Medioambiente	
6	Ma	6	Mér		6	Sá	6	Lu		6	Xo		
7	Mér	7	Xo		7	Do	Día mundial da saúde	7	Ma		7	Ve	
8	Xo	8	Ve	Día Internacional da Muller	8	Lu		8	Mér		8	Sá	
9	Ve	ENTROIDO	9	Sa	9	Ma		9	Xo	Día de Europa	9	Do	
10	Sá	10	Do		10	Mér		10	Ve		10	Lu	
11	Do	11	Lu	Día mundial dos dereitos dos consumidores	11	Xo		11	Sá		11	Ma	
12	Lu	ENTROIDO	12	Ma	2ª AVALIACIÓN EP / EI	12	Ve	12	Do		12	Mér	
13	Ma	ENTROIDO	13	Mér		13	Sá	13	Lu		13	Xo	
14	Mér	ENTROIDO	14	Xo		14	Do	14	Ma	ACTOS LETRAS GALEGAS	14	Ve	
15	Xo	15	Ve		15	Lu		15	Mé	ACTOS LETRAS GALEGAS	15	Sá	
16	Ve	16	Sa		16	Ma		16	Xo	ACTOS LETRAS GALEGAS FESTIVAL LETRAS GALEGAS	16	Do	
17	Sá	17	Do		17	Mér		17	Ve	DÍA DAS LETRAS GALEGAS	17	Lu	
18	Do	18	Lu		18	Xo		18	Sá		18	Ma	
19	Lu	19	Ma	2ª AVALIACIÓN ESO	19	Vi		19	Do		19	Mér	
20	Ma	20	Mér		20	Sá		20	Lu	DÍA ESCOLLIDO POLO CPI	20	Xo	
21	Mér	21	Xo		21	Do		21	Ma		21	Ve	FIN CLASES EI / EP / ESO
22	Xo	22	Ve	ENTREGA NOTAS INF/PRI/ESO	22	Lu	Semana do libro	22	Mér		22	Sá	
23	Ve	Día de Rosalía de Castro	23	Sá	23	Ma		23	Xo		23	Do	
24	Sá	24	Do		24	Mi		24	Ve		24	Lu	
25	Do	25	Lu	INICIO VACACIÓNS SEMANA SANTA	25	Xo		25	Sá		25	Ma	
26	Lu	26	Ma		26	Vi		26	Do		26	Mér	
27	Ma	27	Mér		27	Sá		27	Lu		27	Xo	
28	Mér	28	Xo	XOVES SANTO	28	Do		28	Ma		28	Ve	
29	Xo	29	Ve	VENRES SANTO	29	Lu		29	Mér		29	Sá	
		30	Sá		30	Ma		30	Xo		30	Do	
		31	Do		31	Ve		31	Ve				

2º trimestre: 52 días lectivos

3º trimestre: 56 días lectivos

CAPÍTULO II

4.- MATRÍCULA INICIAL 2023-24.

Este curso 2023-24 a matrícula total do centro, en sumando os diferentes niveis educativos, ascende a 205 alumnos/as, o que supón **7 alumnos/as máis** que o pasado curso 22-23 e **17 alumnos/as máis** que no 21-22. A distribución do alumnado entre as diferentes etapas e grupos é a seguinte:

ED. INFANTIL		ED. PRIMARIA		ED. SECUNDARIA	
4º curso (3 anos)	15	1º Primaria	19	1º ESO	19
5º curso (4 anos)	16	2º Primaria	23	2º ESO	13
6º curso (5 anos)	16	3º Primaria	13	3º ESO	21
		4º Primaria	13	4º ESO	16
		5º Primaria	10		
		6º Primaria	11		
TOTAL	47	TOTAL	89	TOTAL	69
TOTAL ALUMNOS	205				

5.- ORGANIGRAMA E FUNCIONAMENTO ORDINARIO.

O director D. Carlos Carballo, continúa un ano máis co seu labor tras presentar novamente proxecto de dirección sendo o décimo terceiro curso consecutivo na dirección do centro. En canto aos membros do equipo directivo nomeáronse dúas novas Xefas de Estudos mantendo o mesmo Secretario dos anos anteriores. Deste xeito o organigrama do centro queda tal como segue:

ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO

A composición dos Órganos de Goberno unipersoais do noso centro para este curso 2023-24 é a seguinte:

Director

Carballo Sieiro, Carlos

Xefa de estudos primaria

Fernández López, M^a Victoria

Xefa de estudos secundaria

Estévez López, Raquel

Secretario

García López, Francisco J.

ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO

Claustro de Profesores e Consello Escolar

O membros do Claustro para este curso 2023-24 son os seguintes:

EDUCACIÓN INFANTIL	
López Trashorras, M ^a Luisa	4º Infantil - 3 anos
Torres Neira, Sonia	5º infantil - 4 anos (Encargada comedor)
López López, Mónica	6º infantil - 5 anos
Álvarez Fernández, Eva	Apoio (Coordinadora Infantil)
EDUCACIÓN PRIMARIA	
Quintana López, Marta M ^a	Titora 1º primaria
López López, Patricia	Titora 2º primaria (Coordinadora 1º ciclo)
Pena Fernández, Alejandro	Titor 3º primaria (Coordinador 2º ciclo)

Fernández López, M ^a Victoria	Titora 4 ^o primaria (Xef. Estudos Inf. e Prim.)
Gay Chousa, Marta Jesús	Titora 5 ^o primaria (Coordinadora 3 ^o ciclo)
Carreira López, M ^a José	Titora 6 ^o primaria
Vila Reija, Iván	Especialista Inglés
Muras Geada, Benjamín	Especialista Educación Física
García López, Francisco J.	Especialista Música (Secretario)
Lago Vilasó, Alba	Audición e linguaxe
Taboada Arias, Tania	Pedagogía Terapéutica
Rodríguez Castiñeira, Cristina	Relixión
EDUCACIÓN SECUNDARIA	
Palmeiro Martínez de la Escalera, María	Pedagogía Terapéutica (Atención Preferente)
Amado Teijeiro, Ana Belén	Pedagogía Terapéutica
García Conde, Tania	Francés (Xefe Departamento) – (Titora 4 ^o ESO)
Carballo Sieiro, Carlos	Educación Física (Xefe Depart. - Director)
Domínguez Arias J. Antonio	Tecnoloxía (Xef. Departamento) - (Titor 2 ^o ESO)
Loureiro Silva, Rubén	Orientación (Xef. Dep.)
Flores Corredoira, Miguel	Matemáticas
García Regueiro, Berta	Inglés (Xefa Departamento)
Lombao Vigo, Ángeles	Física e Química (Xef. Depart.) - (Titora 3 ^o ESO)
López Aira, M ^a Pilar	Bioloxía e Xeoloxía (Xefa Depart., Titora 1 ^o ESO)
Pereira Santín, M ^a Ángeles	Relixión (Xefe Departamento)
Quindós Varela, Belén	Música (Xef. Depart./Extraesc.)
Estévez López, Raquel	Inglés (Xef. Est. Secundaria)
Rodríguez Lozano, Jorge	Lingua Castelá (Xef. Departamento)
Seoane Carreira, Francisco	Matemáticas (Xef. Departamento)
Fernández Expósito, Xoan Xosé	Lingua Galega (Xef. Departamento)
Vila Fernández, Manuela	Ciencias Sociais (Xef. Dep.)

Consello escolar

Na relación inicial coa que se inicia este curso 2023-24 o Consello Escolar está constituído polos seguintes membros:

MEMBROS NATOS
<u>DIRECTOR</u> Carlos Carballo Sieiro
<u>XEFES DE ESTUDOS</u> Raquel Estévez López M ^a Victoria Fernández López
<u>SECRETARIO</u> Francisco J. García López
SECTOR DO PROFESORADO
Francisco Seoane Carreira
Tania García Conde
M ^a Jesús Gay Chousa
Sonia Torres Neira
Iván Vila Reija
Muras Geadá, Benjamín
SECTOR PAIS / NAIS
M ^a Ángela Muñoz Álvarez
M ^a José Fernández Meilán
Motserrat García Puebla (ANPA)
SECTOR ALUMNOS / AS
Mencia Soto Pérez
Samuel Capón Gil
María Plaza Balboa
SECTOR PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS
Marisol García Gigán
REPRESENTANTE DO CONCELLO
Darío Piñeiro López

Total membros ao inicio de curso = 18

No seo do Consello Escolar constitúense a comisión económica e a comisión de convivencia. A presidencia de ambas comisións correrá a cargo do director, podendo delegalas no secretario ou xefe de estudos do centro respectivamente. Dando continuidade ás comisións do curso anterior, os membros que as integran serán inicialmente os seguintes:

COMISIÓN ECONÓMICA	COMISIÓN DE CONVIVENCIA
Carlos Carballo Sieiro	Carlos Carballo Sieiro
Francisco J. García López	Raquel Estévez López
Iván Vila Reija	M ^a Victoria Fernández López
María José Fernández Meilán (nai)	Francisco Seoane Carreira
<i>Samuel Capón Gil</i>	Benjamín Muras Geadá
	Rubén Loureiro Silva
	Marisol García Gigán
	M ^a Ángela Muñoz Álvarez
	<i>Samuel Capón Gil</i>
	<i>María Plaza Balboa</i>
	<i>Mencía Soto Pérez</i>

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Equipo de ciclo Ed. Infantil, Departamentos didácticos secundaria, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Normalización Lingüística, Equipo de Actividades Extraescolares.

FUNCIONAMIENTO ORDINARIO

Tal como recolle a lei e como se contempla nas NOF do centro (actualizadas en setembro 2023), o funcionamento ordinario dos órganos colexiados e dos órganos de coordinación docente do centro, será, de forma moi resumida, o seguinte:

O Claustro de Profesores, o Consello Escolar, a Comisión Económica e a Comisión de Convivencia reuniranse en Sesión Ordinaria unha vez ó trimestre e en Sesión Extraordinaria, tantas veces o requiran as circunstancias ou o pida un número de membros que requira a súa convocatoria, de acordo coa lexislación vixente.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica celebrará unha reunión extraordinaria ao inicio do curso e logo xuntanzas periódicas, segundo as

necesidades (alomenos unha trimestral). A composición da CCP para o presente ano académico 2023-24 queda deste xeito:

DIRECTOR
Carlos Carballo Sieiro
XEFES DE ESTUDOS
Raquel Estévez López (ESO)
M ^a Victoria Fernández López (EI e EP)
XEFES DE DEPARTAMENTOS DA ESO
Tania García Conde (Dep. Francés)
J. Antonio Domínguez Arias (Dep. Tecnoloxía)
Rubén Loureiro Silva (Dep. Orientación)
M ^a Pilar López Aira (Dep. CCNN)
Belén Quindós Varela (Dep. Música)
Berta García Regueiro (Dep. Inglés)
Francisco Seoane Carreira (Dep. Matemáticas)
Fernández Expósito, Xoan Xosé (Dep. Lingua Galega)
Ángeles Lombao Vigo (Dep. Física e Química)
Manuela Vila Fernández (Dep. CCSS)
M ^a Ángeles Pereira Santín (Relixión)
COORDINADOR EQUIPO NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Jorge Rodríguez Lozano
PROFESORES DE APOIO A ALUMNOS CON NEE
Amado Teijeiro, Ana Belén (PT - ESO)
Palmeiro Martínez de la Escalera, María (PT - ESO)
Taboada Arias, Tania (AL - EP/EI)
Lago Vilasó, Alba (PT - EP/EI)
COORDINADORA ED. INFANTIL / ED.PRIMARIA
Eva Álvarez Fernández
Patricia López López
Alejandro Pena Fernández
M ^a Jesús Gay Chousa

O Equipo de Ciclo Ed. Infantil reunirse unha vez ao mes, en Sesión Ordinaria e en Sesión Extraordinaria cantas veces o requiran as circunstancias.

Os Departamentos Didácticos reuniranse mensualmente tal e como é preceptivo hoxe en día.

O Equipo de Normalización Lingüística reunirse sempre que sexa necesario. Terán unha sesión extraordinaria no comezo de curso e outra ó remate do mesmo. O coordinador deste equipo continuará a ser Jorge Rodríguez Lozano.

O Equipo de Actividades Complementarias reunirse sempre que sexa preciso organizar algunha actividade complementaria ou extraescolar e alomenos, unha vez por trimestre. As coordinadoras serán Belén Quindós e Marta Quintana, que formarán o equipo en cada caso cos profesores ou mestres que promovan a realización de calquera actividade extraescolar.

6.- RESUMO DA ORGANIZACIÓN ACADÉMICA.

Neste curso 2023-24 a LOMLOE queda incorporada de xeito íntegro para toda a educación obrigatoria coas modificacións que supón en canto a materias, carga horaria, etc. En calquera caso, neste punto non analizaremos aspectos normativos senón puramente organizativos do CPI Ramón Piñeiro.

Na **Educación Infantil** hai tres mestras para o alumnado de **3, 4 e 5 anos** e unha mestra de apoio que rota entre as diferentes aulas de Infantil segundo as necesidades do alumnado. Impártese en todos os niveis desta etapa educativa, inglés como lingua estranxeira.

Na **Educación Primaria** hai seis grupos de alumnos. A cada grupo impárteles as materias o seu titor/a, ademais do profesorado especialista en **Inglés, Música e Educación Física**. Tamén se conta cunha profesora específica de **Relixión Católica**, que imparte a citada área en todos os niveis de Educación Infantil, Primaria. Na etapa de Educación Infantil a materia "alternativa" á Relixión Católica recibe o nome de "**Atención Educativa**", e será impartida polos respectivos titores. En Educación Primaria, en todos os cursos, a materia alternativa á Relixión recibe agora o nome de Proxecto Competencial e tamén será impartido polos titores, coa excepción de 4º EP onde o fará o mestre de Educación Física.

En canto aos **apoios fóra da aula en Educación Infantil e Primaria**, tanto a mestra de Pedagogía Terapéutica (PT) Alba López Castaño, como a mestra de Audición e Linguaxe (AL) Tania Taboada Arias, reforzan de forma individual a varios alumnos/as. En concreto, a **PT** inicialmente traballará en diferentes períodos horarios con 9 alumnos/as (de distintos

cursos de infantil e primaria). Pola súa banda a **AL** de inicio traballará con 20 alumnos/as de diferentes cursos de infantil e primaria.

Os horarios das PT e da AL son confeccionados polo Departamento de Orientación en función das necesidades detectadas nos alumnos dos diversos cursos. Así mesmo, algún mestre de EP apoiará a alumnos con dificultades no proceso ensino-aprendizaxe, aplicando reforzo educativo.

Na **Educación Secundaria Obrigatoria** resaltamos os seguintes aspectos para este curso 2023-2024:

O grupo de 1º ESO, neste curso 2023-24, terá desdobres nas áreas de Matemáticas, Lingua Castelá e Bioloxía e Xeoloxía. En 2º ESO, haberá desdobre na área de Lingua Castelá. En 3º ESO haberá desdobre nas áreas de Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega, Inglés, Xeografía e Historia, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Música e Educación Plástica Visual e Audiovisual.

As necesidades educativas especiais do centro serán atendidas principalmente polas dúas **PT da ESO**, Ana Belén Amado e María Palmeiro, o que nos permitirá entre outras cousas darlle unha atención personalizada a 7 alumnos/as de NEE que precisan de atención continua. A maioría destes apoios realízanse dentro da aula aínda que, nalgún caso, fanse de forma individualizada na aula de PT. Nesta etapa educativa, ao igual que en Infantil e en Primaria, tamén temos unha profesora específica de Relixión, neste caso trátase de Ángeles Pereira.

Así mesmo, neste curso 2023-24 contamos no centro con M^a Ángeles Barreiro, a auxiliar/coidadora escolar (ATE) que se fará cargo inicialmente de 3 alumnos/as con autonomías limitadas por diferentes causas.

En canto á organización das gardas, ao ser este un **Centro Público Integrado**, o horario de clases de Educación Infantil e Educación Primaria non coincide cos da ESO e, polo tanto, tampouco coinciden as quendas de garda. Establécense pois quendas de vixilancia diferentes entre o profesorado que imparte docencia en cada unha das etapas educativas, mantendo sempre, cando menos, o rateo mínimo marcado por lei: **un mestre ou profesor por cada 50 alumnos.**

Por último, dicir que os membros do Claustro acordaron a posibilidade de enviar tarefas extraescolares para facer na casa ao alumnado ("deberes"), o que quedará a criterio de cada profesor cando así o considere necesario.

7.- FUNCIÓN TITORIAL, METODOLOXÍA E CRITERIOS AVALIACIÓN.

TITORIAS E FUNCIÓN TITORIAS

Coma en anos anteriores, seguimos a traballar coa **AXENDA ESCOLAR que un ano máis o centro mercou e entregou gratuitamente a todos os alumnos/as** coa idea de servir, ademais de para a organización do propio alumno, coma instrumento diario de comunicación coas familias (neste caso sobre todo na EI e na EP).

Os titores dos diferentes grupos para este curso 2023- 24 son os seguintes:

Titorías de Primaria:

- Educación Infantil (3 anos): M^a Luisa López
- Educación Infantil (4 anos): Sonia Torres
- Educación Infantil (5 anos): Mónica López
- 1º Ed. Primaria: Marta Quintana
- 2º Ed. Primaria: Patricia López
- 3º Ed. Primaria: Alejandro Pena
- 4º Ed. Primaria: M^a Victoria Fernández
- 5º Ed. Primaria: M^a Jesús Gay
- 6º Ed. Primaria: M^a José Carreira

Titorías de Secundaria:

- 1º ESO A: Pilar López
- 2º ESO A: J. Antonio Domínguez
- 3º ESO A: Ángeles Lombao
- 4º ESO A: Tania García

Para facilitar a relación cos pais ou nais de alumnos, fíxase coma sempre unha hora á semana de atención ás familias no horario de cada profesor. Nas primeiras semanas do curso cada titor ou titora terá unha reunión colectiva para fixar as liñas de actuación do ano académico. Nestas reunións colectivas (de inicio presenciais e no salón de actos) informarase, entre outros, sobre os seguintes temas:

- Calendario escolar.
- Horario de titorías.
- Programas escolares.
- Datas de avaliación.
- Criterios de avaliación.
- Faltas de asistencia e xustificación das mesmas.
- Normas de Organización e Funcionamento (NOF).
- Posibles dificultades e atrancos que pode atopar ó longo do curso.
- Importancia da familia na tarefa educativa.
- Aconsellar as familias sobre certas técnicas de estudo.
- Recoller as expectativas e suxestións dos pais.

Como a **titoría** forma parte da función docente, os criterios xerais de avaliación son válidos para calquera actividade educativa, pero ademais teranse en conta os seguintes criterios específicos e as liñas xerais de intervención fixadas polo **departamento de orientación**:

- Ser capaz de desenvolver autonomamente un método de estudo.
- Desenvolver unha boa actitude ante o estudo.
- Favorecer o desenvolvemento persoal e rendemento académico.
- Acadar unha boa adaptación escolar do alumno.
- Establecer unha conexión entre o centro e as familias.
- Coñecer e respectar as normas sociais básicas que permitan a convivencia do alumnado.

Ademais levaranse a cabo **programas de orientación académica** e profesional, incidindo naqueles grupos de alumnos e alumnas que deban realizar unha toma de decisións ligada a estudos posteriores ou á súa inserción laboral. Tamén se realizarán accións referidas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento persoal, social ou de aprendizaxe.

Cada titor ou titora fará un seguimento individual do alumnado para avaliar a madurez emocional, relacións sociais, hábitos de traballo, motivación, actitudes, etc. Tamén informará os pais sobre estes aspectos, ademais do rendemento académico.

METODOLOXÍA.

Continuaremos coas liñas metodolóxicas que aparecen no **Proxecto Educativo do Centro** e que se poden resumir do seguinte xeito:

- Un trato personalizado que se adecúe ao ritmo de aprendizaxe e ás capacidades de cada alumno/a.
- Respetar as diferenzas individuais.
- Realizar unha función integradora, de xeito que a Educación Infantil, a Educación Primaria e a ESO manteñan unha coordinación entre si.
- Tratar de desenvolver o espírito crítico e a capacidade de discusión e decisión.
- Fomentar a iniciativa persoal e de forma progresiva a autonomía na aprendizaxe do alumnado.

Como é lóxico, cada mestre e cada profesor teñen a súa metodoloxía en función das diferentes áreas e etapas educativas do centro. Todas elas deben de estar recollidas nas programacións de cada curso de Infantil e Primaria e de cada departamento da ESO.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Os criterios de avaliación de cada área servirán de indicadores do grao de adquisición das competencias clave establecidas para cada etapa educativa.

A forma de avaliar o alumnado de cada curso de EP e de cada materia da ESO, figurará na propia programación dos diferentes cursos de infantil e Primaria e nas diferentes materias da ESO.

8.- TRANSPORTE ESCOLAR.

O uso do transporte por parte dos alumnos/as do centro educativo vén regulada pola *"Instrución conxunta 1/2023, da secretaría xeral técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sobre a xestión do servizo de transporte de escolares no curso escolar 2023-2024"*

O transporte escolar é un servizo complementario que se ofrece para o alumnado que vive a máis de dous quilómetros do centro educativo para o traslado do alumnado menor de dezaseis anos dende o lugar onde técnica e legalmente sexa posible, ata o centro docente no que estea escolarizado, sempre que o seu domicilio se encontre fóra do núcleo urbano onde se sitúa o centro escolar. Na lexislación estatal vixente ten a consideración de servizo educativo complementario e gratuíto para o alumnado de Educación Infantil, Educación Primaria e Ensinanza Secundaria Obrigatoria que curse estudos nos centros públicos que lle corresponda por adscrición.

O CPI Ramón Piñeiro ou calquera outro centro educativo galego de carácter público, non ten máis competencias neste servizo que facer de intermediario entre as necesidades de Transporte Escolar ou Mobilidade, as empresas concesionarias e as familias, sen ningunha capacidade operativa. Dende hai varios cursos os autobuses do centro responden a dúas tipoloxías: o transporte escolar, dependente da Consellería de Educación para uso exclusivo de alumnado do centro, e o Transporte Integrado, dependente da área de Mobilidade da Consellería de Mobilidade e Infraestruturas, habilitado para transportar alumnado do centro e outras persoas que o soliciten e abonen a taxa correspondente.

Este curso 2023-24 temos arredor de 160 usuarios de transporte escolar autorizados, o que supón cerca do 80% do alumnado do centro.

8.1.- NORMAS DE USO PARA O ALUMNADO

Todos os usuarios/as do transporte escolar teñen que ser conscientes dos perigos existentes e das situacións de risco que hai que evitar, coñecendo os seus deberes para non xerar situacións de perigo. Os deberes dos usuarios/as do transporte escolar gratuito son:

- Respetar as persoas responsables deste servizo (condutores e acompañantes escolares), facendo sempre caso ás súas indicacións e tratándoos coa educación necesaria.
- Chegar á parada do autobús con tempo suficiente, polo menos 5 minutos antes da hora á que ten previsto pasar o autocar. Non correr ao subir ao ómnibus nin tampouco ao saír.
- Esperar ata que o autobús pare, abra a porta e o/a acompañante dea a autorización para entrar nel. Non empurrar outros nenos/as para subir de primeiro.
- Non camiñar nunca por detrás do autobús; é moi perigoso, xa que o condutor/a non pode ver esa zona. Tampouco se debe cruzar por diante do autocar nin pegado ao mesmo, xa que o resto dos vehículos non ven o que hai detrás, e pódese producir unha situación de risco.
- Despois de subir ao autobús, o alumnado ten que permanecer sentado nas súas prazas, colocar a mochila e non gritar nin alborotar. Para baixar, debe esperar a que o autobús estea totalmente parado.
- É obrigatorio o uso do cinto de seguridade no autobús (sempre e cando exista).
- Asegurarse de non levar nada enriba que se poida enredar na porta do autobús, e non apoiarse nas portas de saída/entrada.
- Non camiñar polo bordo da beirarrúa, nin invadindo a calzada. Se é posible camiñar polas zonas peonís; se non existen, facelo o máis próximo ao bordo das casas e, de ser posible, pola esquerda.

- Cruzar en liña recta, é o camiño máis curto, se é posible polos pasos de peóns, con paso rápido pero sen correr nin deterse na estrada. Se existiren, empregar os pasos superiores e inferiores para peóns.

8.2.- OS/AS ACOMPAÑANTES ESCOLARES.

O/a acompañante escolar é a persoa encargada do coidado dos menores durante o transporte e as operacións de acceso e abandono do vehículo, así como da recollida e acompañamento dos alumnos/as dende e ata o interior do recinto escolar.

A presenza da persoa acompañante é **obrigatoria** no transporte escolar cando polo menos, o **50% dos viaxeiros/as sexan menores de doce anos.**

FUNCÍONS E OBRIGAS DO/DA ACOMPAÑANTE ESCOLAR

- Recoller e acompañar o alumnado dende e ata o recinto escolar.
- Prestar especial atención durante a subida e baixada dos/das menores ao vehículo.
- Descender do vehículo mentres se realizan estas operacións.
- Controlar e vixiar os/as nenos/as en todo momento.
- Evitar que os/as nenos/as molesten o/a condutor/a.
- Evitar que os/as nenos/as crucen sen comprobar que non veñen vehículos.
- Revisar a adecuada colocación das mochilas .
- Atender a calquera neno ou nena que sufra algunha indisposición.
- Revisar, unha vez finalizado o transporte, o interior do autobús para asegurarse de que non queda ningún escolar e non existen obxectos abandonados dentro do vehículo.
- Comprobar que ninguén vaia de pé.
- Comprobar que non viaxan máis nenos/as que prazas ten o vehículo. Cada neno/a debe ocupar unha praza.

- O/A acompañante debería ir preto da porta central ou traseira, nunca a carón do/da condutor/a.
- Comprobar se falta algún rapaz ou rapaza e comunicalo ao centro escolar.
- En caso de calquera incidencia, facer un parte de comunicación ao centro escolar.
- Coñecer a localización da caixa de urxencias.
- Coordinar as operacións de evacuación do vehículo en caso de accidente ou situación de emerxencia.
- Comprobar que o alumnado menor de doce anos non ocupe prazas contiguas á do/da condutor/a. Aquelas persoas que teñan algunha discapacidade situaranse nas prazas máis próximas ás portas de saída.
- Controlar que o alumnado que suba ao vehículo sexa usuario do servizo de transporte escolar, así como de que non entre ningunha persoa allea a este servizo.
- Comprobar que cada alumno baixe na parada que lle corresponde, asegurándose de que son recollidos polos seus pais/nais ou persoa autorizada para facelo. De non ser así, non deixar que baixen do autobús e chamar ao centro escolar ou á súa familia, se é o caso.
- Coñecer a situación e manexo dos materiais de emerxencias: martelo rompecristais, extintor e fiestras de emerxencia ou socorro.

Os acompañantes escolares poderán levar unha folla para a recollida de incidencias diarias, que trasladarán á dirección do centro cando o consideren necesario. A falta de respecto ás normas básicas serán sancionadas pola dirección do centro, e de ser reiterativas ou especialmente graves poderán significar a perda temporal do dereito ao uso do transporte escolar.

9.- COMEDOR ESCOLAR.

O comedor escolar é un servizo que oferta o centro e que trae consigo unha complexa organización ao ter que servir arredor de 220 comidas diarias. O xantar sérvese en dúas quendas tal e como se explica a continuación:

Luns e martes:

- **Ed. Infantil / Primaria** (+,-130 alum.): 14:00-14:35 h. (10 colaboradores)
- **ESO** (+/-70 alumnos/as): 15:00-15: 35 h. (4 colaboradores).

Mércores, xoves e venres:

- **Ed. Infantil e Primaria:** 14:20-14:55 horas (10 colaboradores).
- **ESO:** 15:00-15:35 (4 colaboradores).

9.1- FUNCIONAMENTO XERAL DO COMEDOR

Este curso 2023-24 o comedor escolar terá 217 usuarios entre alumnado, profesorado e persoal non docente. Deles, 192 son alumnos/as do centro o que supón arredor dun 94% do total do noso alumnado.

O comedor escolar réxese pola Instrución 2/2023, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023-2024.

Os prezos de comedor que paga o alumnado e profesorado polo uso deste servizo son ingresados na conta da Consellería de Educación, e non na conta do noso Centro Educativo (1€, 2,5€ ou 4,5 € segundo o caso).

O comedor finánciase coas axudas que a propia Consellería de Educación concede por alumno/a usuario (comedor tipo C, entre 151 e 250 comensais), e que este curso 2023-24 ascenden a **2,44 €** por alumno/día de Infantil e Primaria, e a **2,84 €** por alumno/día de ESO. Coa idea de poder mellorar a

calidade dos menús, así como de manter a froita nos recreos durante todo o curso, servizo que realizamos dende hai máis de 20 anos, o Consello Escolar acordou a creación dunha **cota anual VOLUNTARIA de 50 €** para as familias que non paguen ningunha outra taxa (en calquera caso na primeira reunión do Consello Escolar de cada curso someterase á valoración deste órgano a continuidade desta cota voluntaria).

En canto aos prezos públicos que ten que afrontar o alumnado, están establecidos no Decreto 133/2013 e son derivados das rendas anuais das familias dividíndose en varios tramos segundo os ingresos, de modo que a cada alumno pode saírlle a pagar **0 €, 1 €, 2,5 € ou 4,5 €**. A continuación mostramos os datos reais para este curso dos alumnos/as usuarios de comedor:

	Pago 0 €				Pago 1 €		Pago 2,5 €	Pago 4,5 €	
	Renda	Sitúa. econ. Desfavor.	Certificado de minusv.	Outras causas	Renda	3 ou máis menores	-	-	
Infantil	38	-	1	-	1	-	-	5	51
Primaria	63	-	3	-	3	-	1	15	80
ESO	47	-	4	-	2	1	2	6	62
TOTAL 1	148	0	8	0	6	1			192
TOTAL 2	156				7		3	26	

O profesorado que come no comedor pagará a razón de **4,50 €** diarios.

De acordo coa lexislación vixente, o director do centro supervisará a xestión do comedor, pero será o encargado/a do comedor en colaboración co persoal de cociña quen leve o día a día do funcionamento do mesmo. Neste caso a encargada de comedor continúa a ser a mestra de Educación Infantil **Sonia Torres**, quen ven desenvolvendo esta tarefa de modo moi satisfactorio dende hai sete cursos.

No que se refire ao servizo en si mesmo, o xantar diario, precisará tamén de colaboradores de comedor (dos que máis abaixo falamos), que axudarán a que o servizo se realice de xeito adecuado.

9.2.- ORGANIZACIÓN DAS QUENDAS DE COMEDOR.

A dinámica e o horario de funcionamento diario do comedor vén marcado polas quendas de funcionamento que se establecen para as distintas etapas educativas, diferenciando entre os días que teñen clase tras a comida (luns e martes), e os que non (mércores, xoves e venres):

Luns e martes:

Infantil e Primaria: de 14:00 a 15:40 horas

ESO: de 15:00 a 15:40 horas

Mércores, xoves e venres:

Infantil e Primaria: de 14:20 a 15:40 horas

ESO: de 15:00 a 15:40 horas

9.3- ELABORACIÓN DOS MENÚS.

Os menús serán elaborados pola encargada de comedor en coordinación co persoal de cociña, seguindo as recomendacións da Consellería de Educación. Os menús faranse públicos ao principio de cada mes a través da páxina web (apartado Comedor Escolar) e do ABALARMOBIL. O menú tipo estará composto polos seguintes pratos:

- Un primeiro prato composto basicamente de legumes, arroz, pasta, verduras e hortalizas.

- Un segundo prato que adoita incluír carne, peixe (procurarase fresco e variado) ou ovos; acompáñase, polo xeral, de gornición, verduras, hortalizas ou patacas.
- O terceiro prato inclúe fundamentalmente froita da temporada ou derivados lácteos como queixo ou iogur.

9.4.- PERSOAL COLABORADOR.

Segundo a proporción establecida na lexislación vixente, o persoal colaborador estará composto por un grupo de **10 persoas** que formen parte da comunidade educativa.

Este curso temos a novidade de que un día á semana os colaboradores de comedor serán persoal docente do centro educativo, mentres que o resto dos días realizarán este labor nais/pais do alumnado do centro.

Os colaboradores reciben unha gratificación a cargo das axudas que concede a Consellería de Educación. Esta gratificación debe ser a que fixa a normativa vixente sobre Comedores Escolares que é de **12,50 €** por día de asistencia ao comedor. Todas as solicitudes presentadas para formar parte do persoal colaborador foron aceptadas, xa que é preciso contar con suplentes para posibles baixas. En total tivemos **17 solicitantes entre os pais/nais e 11 entre o profesorado do centro**, (o prazo para demandar a colaboración no comedor continúa aberto ata o mes de decembro).

Polo tanto, a vixilancia do comedor e no recreo seguinte á comida correrá a cargo destes colaboradores seleccionados polo centro. A rateo de alumnos/as por cada vixilante será a establecida na **Orde do 21 de febreiro de 2007** que regula os comedores; no noso caso nos aféctannos do seguinte xeito:

- ESO: de 36 a 70 alumnos ---> 2 persoas + 1 NEE.

- PRIMARIA: de 61 a 90 alumnos/as ----> 3 persoas + 1 NEE
- INFANTIL: de 31 a 50 alumnos/as ----> 3 persoas.

Dado que as solicitudes son máis que o número de colaboradores que se precisan, a dirección seleccionou os 10 pais/nais que iniciarán o curso seguindo os criterios da normativa vixente, e que basicamente advirte da prioridade dos solicitantes que non fixeron esta colaboración no pasado curso ou que a fixeron durante un número inferior a 36 días.

Por outra banda, é de xeito resumido, explicamos as tarefas de cada vixilante na súa zona:

- Antes de entrar ó comedor os alumnos/as deberán lavar as mans.
- Servir e recoller a mesa.
- Procurar que ningún alumno quede sen comida e procurar que coman de todo.
- Axudar aos máis pequenos a mondar a froita, picar a carne, etc.
- Non permitir que tiren comida ou restos dela ao chan.
- Procurar que os comensais de cada mesa deixen a mesma en orde.
- Evitar que durante a comida se levanten da mesa sen necesidade ou que berren no comedor.
- Non permitir que durante a comida saian do comedor, a non ser por causa de moita necesidade.
- Unha vez que remate a comida, sairán por orde ao patio.
- Evitarán que os alumnos saian comendo fóra do comedor; tampouco permitirán que saquen envases de alimentos ou menaxe.

As persoas que vixían procurarán que os comensais adquiran hábitos hixiénicos e que coman con boas formas e educación, usando correctamente os garfos, coitelos, etc . Se algún alumno ou alumna

incumprirse as normas, faltase ao respecto aos vixilantes ou insultase os compañeiros, deberán chamarlle a atención, castígalos, ou se o xulgan oportuno, avisar a encargada do comedor, quen decidirá ao respecto. Se a gravidade da situación o requirise, avisarase o director para que tome as medidas disciplinarias oportunas.

9.5.- VIXILANCIA NO RECREO DO MEDIODÍA.

No recreo que segue á comida do mediodía, cada colaborador de comedor encargárase dunha determinada zona do centro, na que deben procurar:

- Habituar os alumnos e alumnas a que usen a papeleira e a manter o patio limpo de obxectos, papeis, etc.
- Evitar o uso dos teléfonos móbiles.
- Evitar que nos días de chuvia os alumnos/as se mollen.
- En caso de accidente, se este fose leve, faránselle as curas na caixa de urxencias do centro e, se fose grave, avisarán á dirección do centro para que decida.
- Procurarán que o alumnado cumpra o Regulamento do Réxime Interior do centro.
- Cada vixilante, cando teña que amoestar algún alumno/a, farao de xeito comedido e correcto. Se a falta fose grave, poñerá en coñecemento da dirección do centro.

CAPÍTULO III

10.- CRITERIOS BÁSICOS PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

CRITERIOS ESTABLECIDOS POLA DIRECCIÓN DO CENTRO EN 2018

Os criterios básicos establecidos no seu momento para levar a cabo actividades extraescolares que impliquen a saída do centro durante varios días, ou un custe económico importante para as familias deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Deben ser actividades transversais que contribúan á consecución dos obxectivos do PEC.
- Deben permitir e conseguir a participación dun número representativo do alumnado do centro (polo menos o 50% do alumnado ao que vaia dirixida como criterio básico).
- Deben adecuarse economicamente ao contexto no que nos atopamos (isto non exclúe a posibilidade de axudar ás familias que así o precisen).
- Non deben "competir" unhas actividades con outras.
- Deben buscar unha consolidación no centro e continuidade no tempo.

Por outra banda o equipo directivo acordou en novembro de 2018 establecer uns prezos/tarifas fixas en canto ao custe por alumno/a dos prezo dos autobuses. Deste xeito, formar parte de grupos con pouco alumnado non debe supoñer un desembolso máis alto para esas familias; isto significa que o propio centro educativo subvencionará sempre parte das viaxes con cargo aos gastos de funcionamento. Os prezos para as viaxes en bus (actualizados en maio de 2022), quedan establecidos do

seguinte xeito independentemente dos alumnos/as que participen na actividade (sempre respectando os criterios establecidos máis arriba):

- Lugo e provincia: 5 € alumnos/a.
- Hasta +/- 200 km. (Coruña, Santiago, Mariña Lucense...): 6 € alumnos/a
- Outras saídas: valoraranse individualmente

11.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS DE INFANTIL E PRIMARIA E DOS DEPARTAMENTOS DA ESO.

Neste curso 2023-24 pretendemos que as actividades extraescolares e complementarias recobren o seu protagonismo no noso centro. Despois de case tres cursos marcados pola tan citada pandemia, este ano queremos realizar actividades extraescolares e complementarias para todos os niveis do centro. Os criterios xerais de organización das actividades seguen a ser os establecidos en 2018 e revisados o pasado curso:

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS PROPOSTAS PARA ESTE CURSO 2023-24

ACTIV. EXTRAESCOLARES INFANTIL 2023-24

- Teatro ABANCA no 2º trimestre.
- Visita á granxa O Palomar o día 19 de marzo.
- Viaxe en tren e visita a un Parque de Bombeiros.

ACTIV. EXTRAESCOLARES EDUCACIÓN PRIMARIA 2023-24

1º e 2º de ED. PRIMARIA

- Teatro ABANCA no 1º trimestre.
- Visita á granxa O Palomar o día 18 de outubro.
- Visita ao Pazo de Tor no 2º trimestre.
- Visita ao Acuario (A Coruña) no 3º trimestre.

3º e 4º de ED. PRIMARIA

- Visita á granxa O Palomar o día 7 de novembro.
- Teatro ABANCA no 2º trimestre.
- Visita ao Museo do Mar + Barco boniteiro "Reina del Carmen" no 3º trimestre.

5º e 6º de ED. PRIMARIA

- Visita ao Pazo de Tor no 1º trimestre.
- Concerto didáctico o día 3 de novembro no Salón de Actos do Centro.
- Teatro ABANCA no 2º trimestre.
- Visita ao Progreso + Cafés Las Candelas. 2º trimestre
- Visita a SOGAMA + Sobrado dos Monxes 3º trimestre.

Queda aberta a posibilidade de facer calquera outra actividade que xurda, se se considera de interese para o desenvolvemento do curso.

ACTIV. EXTRAESCOLARES SECUNDARIA 2023-24

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

1º e 2º ESO

- **Marcha de sendeirismo pola contorna do río Neira no val de Láncara.** Realizarase no 3º trimestre do curso aproveitando a chegada do bo tempo.

3º e 4º ESO

- **Marcha de sendeirismo facendo un tramo do camiño de Santiago.** Zona de Samos, preto do noso centro. Tratará de realizarse no 3º trimestre do curso aproveitando a chegada do bo tempo.

4º ESO

- **Viaxe á neve.** No mes de Xaneiro viaxaremos a Andorra para desenvolver actividades que están relacionadas coa práctica do esquí. Dende hai tempo esta actividade está consolidada para 4º de ESO.
- **Visita ao ximnasio da vila.** Para o alumnado de 4º ESO coa idea de que coñezan posibilidades deportivas na contorna.
- **Actividades deportivas do Magosto.** Organizadas polo alumnado deste curso para todos os alumnos/as de Infantil e Primaria.

ACTIVIDADES TRANSVERSAIS

- **Participación no proxecto de vida activa e deportiva.** Este curso assistiremos ás modalidades DAFIS, XOGADE e MÓVETE+.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- **Plan director da Garda Civil (5º, 6º EP e toda a ESO):** charlas de acoso escolar, igualdade e prevención da violencia de xénero, adiccións a substancias e a xogos dixitais e apostas deportivas.
- **SEPRONA:** coidado do medio ambiente.
- **Educación Vial (ESO):** Garda Civil.
- **Educación en Xustiza:** visita á Audiencia Provincial e asistencia a un xuízo.
- **Participación no programa INCLÚE-T.**
- **Visitas a diferentes IES e CIFP (4º ESO):** englobados dentro da orientación académico-profesional.

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

- **Concertos didácticos (toda a ESO):** Festivais de Nadal e Letras Galegas. Para toda a ESO.
- **Asistencia a un musical en Madrid e visita ao museo de Ureña (Valladolid).** Para 3º e 4º ESO.
- **Visita a un luthier en Sarria.** Para 2º, 3º e 4º ESO.
- **Concerto escolar a cargo da Real Filharmonía de Galicia.** Para 4º ESO. 2º trimestre.
- **Conferencia/ Charla-Coloquio cun artista invitado.** ESO. 3º trimestre.

DEPARTAMENTO FÍSICA E QUÍMICA

- Visita ao Museo de Historia Natural (Santiago de Compostela).
- Visita ao Museo de Ciencia e Tecnoloxía (Casa del Hombre) en A Coruña.
- Actividades na Domus.
- Actividades organizadas polo Día da Ciencia en Galego.
- Actividades organizadas polo día da Muller e a Nena na Ciencia.
- Visita á refinería de Repsol.

DEPARTAMENTO FRANCÉS

- Intercambio a distancia cun instituto francés da rexión de Normandía (2º,3º e 4º ESO).

DEPARTAMENTO CIENCIAS NATURAIS

- Proxecto Ríos. 4º ESO. 3º trimestre.
- Conferencia sobre reciclaxe. ESO.

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

- Visita guiada por Lugo. 3º trimestre.

12.- ACTIVIDADES XA CONSOLIDADAS NO NOSO CENTRO E NOVAMENTE PROPOSTAS POLO CLAUSTRO.

As máis salientables son as seguintes:

- **Magosto:** fixada para o 31 de outubro deste 2023.
- **Festival de Nadal:** fixado para o xoves 21 de decembro 2023.
- **Celebración do Entroido:** tradicional desfile pola vila e concurso de disfraces (venres 9 de febreiro de 2024).
- **Semana cultural das letras galegas.** Organizaranse algunhas actividades relacionadas coa cultura da nosa terra xunto co Festival das Letras Galegas. (14, 15 e 16 de maio de 2024).
- **Revista escolar:** despois de máis de catro décadas, un ano máis seguiremos coa súa publicación este ano académico.
- **Celebración do 50 aniversario do centro.**
- **Natación escolar para 3º e 4º de Primaria.**

13.- PROGRAMAS E PROXECTOS SOLICITADOS POLO CENTRO.

Este ano temos solicitado a participación / continuación nos seguintes programas que xa se estaban a desenvolver no centro:

- **Proxecto EDIXGAL:** é a grande aposta do centro para tratar de mellorar a competencia dixital do noso alumnado. Comezaremos a participación neste proxecto no 2021-22 en 5º EP e en 1º ESO, no 2022-23 continuamos con 6º EP e 2º ESO, e neste curso 2023-24 incorpórase 3º ESO.
- **Proxecto de Vida Saudable e Deportiva (PLAN PROXECTA):** este curso participaremos novamente a través das modalidades **DAFIS, XOGADE e MÓVETE MÁIS.**
- **Club de Ciencia:** actividade que se solicitou á Consellería de Educación para toda Primaria e 4º ESO consistente en realizar actividades para mellorar a competencia científica do alumnado.
Contrato programa PROA +: Programa de éxito educativo da Consellería de Educación.
- **Plan de formación do profesorado (CFR LUGO):** as liñas de traballo deste curso teñen que ver coa formación do profesorado en POLOS CREATIVOS e co desenvolvemento de actividades relacionadas co 50 aniversario do centro.
- **Sección bilingüe:** desenvolvida en Educación Física 1º de ESO.
- **Auxiliar de conversa:** grazas á sección bilingüe teremos a posibilidade de contar con esta figura un ano máis.
- **INCLÚE-T:** programa de inclusión do alumnado que se solicitou.
- **CPI INNOVA:** programa de innovación educativa no que solicitamos a participación á Consellería.
- **RAOGAL:** Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia.

14.- PLAN ANUAL DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA.

1. - O CONTORNO DO CENTRO.

O CPI Ramón Piñeiro está situado na capitalidade do concello de Láncara (A Pobra de San Xiao) e conta con tres etapas educativas: Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Ao centro asisten alumnos e alumnas dos concellos de Láncara, O Corgo e O Páramo. Os tres concellos teñen un rico patrimonio natural (fermosas carballeiras, veigas verdes, montes suaves, outeiros e ríos como o Neira, Tórdea, Chamoso, Sarria ou Miño. Os ríos, con ducias de muíños e unha abondosa flora e fauna nas súas ribeiras, modelaron paisaxes como a fraga da Fervenza ou o val de Láncara.

O patrimonio histórico, etnográfico e artístico é amplo (pazos como os do Corgo, Folgosa, Quintela, Santa Mariña e Láncara, numerosas casas grandes de fermosa arquitectura popular como a da Pobra, campos da feira e carballeiras centenarias, igrexas románicas, fontes, pontes medievais como a de Carracedo, Lago, ou a de Neira...

O territorio está atravesado pola vía romana XIX-XX, polo Camiño Real e por variantes do Camiño Francés.

Tamén temos unha lingua propia, que é o galego, patrimonio inmaterial que deu soporte a todas as manifestacións dos habitantes desta contorna durante séculos; unha lingua que nomeou os lugares, as leiras, os montes, as ferramentas dos labregos e artesáns; unha lingua na que falaron, cantaron e sufriron os que nos precederon.

Contamos con Asociacións preocupadas pola nosa cultura coas que o centro colabora a miúdo (Val de Lán cara, Arumes do Corgo, Legua dereita...). Moitos dos nosos alumnos participan nas súas actividades (grupos de baile tradicional, etnografía, concursos literarios, rutas de sendeirismo, xogos populares...).

A procedencia do noso alumnado, agás no caso dos alumnos da vila, é de núcleos rurais onde viven familias maioritariamente labregas e gandeiras; en menor medida, hai comerciantes ou empregados por conta allea. Nos últimos tempos tamén temos alumnado inmigrante.

Nesta contorna, tendo en conta as enquisas realizadas en pasados cursos, os mapas e estudos sociolingüísticos, a observación dos comportamentos lingüísticos do alumnado, das súas familias ou do profesorado e persoal non docente, podemos asegurar sen lugar a dúbidas que estamos nun contorno galegófono: o galego é maioritariamente a lingua habitual tanto nas relacións entre familiares como na dos alumnos entre eles ou co profesorado en contextos informais. Son moi raros os casos nos que un alumno descoñeza algunha das dúas linguas oficiais. De todos modos, cada vez hai máis alumnos e alumnas castelanfalantes, como vén sendo habitual ultimamente no resto de Galicia segundo as estatísticas, o que nos debería preocupar tanto a nós como aos diferentes estamentos da sociedade galega.

Acollemos un escaso número de alumnado inmigrante, normalmente de procedencia sudamericana (de lingua castelá ou portuguesa), polo que resulta doada a integración e que o profesorado poida prestarlles unha atención personalizada, aínda que para este curso aumentou considerablemente a matrícula de alumnos árabes, que veñen na súa

maioría doutras comunidades autónomas. Moitos deles, incorpóranse á Educación Infantil e Primaria e teñen tempo suficiente para unha adecuada adaptación. Hai tamén algún alumno paquistaní, e un ucraíno. As relacións con compañeiros galegofalantes constitúen un estímulo para que utilicen o galego.

É tamén moi raro que o centro acolla alumnado doutras zonas do Estado español.

No que atinxe ao profesorado, a pesar de que curso a curso se vai renovando, hai unha razoable porcentaxe de galegofalantes. Os que fan uso do castelán como lingua habitual poden utilizar indistintamente ambas linguas e teñen competencia lingüística en galego.

Das enquisas realizadas, dedúcese que están predispostos a mellorar a súa competencia en lingua galega e a utilizar este idioma.

É minoritario o número de profesores que aseguran estar instalados exclusivamente no castelán e non ter interese ningún pola lingua galega, a pesar de que este número aumentou nos últimos cursos, como reflexo do que está a suceder na sociedade galega en xeral, como dixemos antes.

O persoal non docente tamén emprega maioritariamente o galego.

A documentación do centro e os comunicados ás familias e ao profesorado redáctanse en lingua galega.

Tendo en conta esta situación, as accións do centro deben ir encamiñadas á potenciación e prestixio social do galego para conseguir que cada alumno galegofalante dunha clase de Educación Infantil poida chegar a 4º curso da ESO falando en galego, sen esquecer a competencia lingüística na outra lingua oficial, e que os alumnos instalados no castelán se vaian

incorporando ao uso do galego, ata acadar a competencia plena nas dúas linguas.

Non é unha tarefa doada, xa que non depende exclusivamente de nós. Estivemos a vivir unha ruptura dos consensos en materia lingüística que caracterizaron á Lei de Normalización e esta situación prexudicou con toda seguridade á lingua menos prestixiada, que é o galego.

Nesta sociedade cada vez máis globalizada, as influencias dos medios de comunicación de masas e unha escasa normalización do uso do galego nunha sociedade diglósica non son de grande axuda para o prestixio da nosa lingua.

Outro factor a ter en conta é o uso lingüístico dos medios audiovisuais (agás os públicos de Galicia) e informáticos que, por desgraza, esquecen a miúdo o galego.

O noso traballo como ensinantes debería mudar esa situación e, dentro do respecto a todas as linguas, potenciar a nosa, porque temos unha cultura desde a que podemos aportar a nosa visión do mundo.

Neste contexto, no que mudou a lexislación en materia lingüística afectando ao número de horas asignadas a cada lingua, débese elaborar o Proxecto lingüístico do Centro. Non hai que esquecer que o Decreto de plurilingüismo deixou o galego nunha situación aínda máis precaria, deixando de ser lingua vehicular en materias que contan con prestixio social, como poden ser as Matemáticas.

A teima da Administración galega co bilingüismo harmónico, contribúe tamén a dar como normal unha situación lingüística que ningún estudo serio defende para un mínimo prestixio da nosa lingua.

2. - INFORMACIÓN RESPECTO DA LINGUA MATERNA PREDOMINANTE ENTRE O ALUMNADO

No presente curso, incorporáronse a Educación Infantil 15 novos alumnos e alumnas.

A maioría deles teñen como lingua materna o galego. Considerouse, por tanto, e por sabermos que o contorno do centro é galegofalante, empregar como lingua predominante o galego.

Isto non implica que non se atenda a aqueles alumnos que teñen como lingua materna o castelán ou, de ser o caso, outras linguas.

3. – ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE PARA O COÑECEMENTO DAS LINGUAS OFICIAIS.

Para acadar o obxectivo xeral establecido na Lei de Normalización Lingüística, no Decreto de plurilingüismo e demais disposicións vixentes adoptaranse medidas de apoio e reforzo para o correcto uso lingüístico escolar e educativo nos casos que se considere necesario.

Estas medidas serán determinadas tendo en conta as distintas etapas educativas que se imparten no centro e afectarán aos distintos equipos e departamentos.

Na etapa de Educación Infantil e no 1º ciclo da Educación Primaria atenderase de xeito individualizado a aqueles alumnos que non teñan coñecemento da lingua materna predominante (no noso caso, o galego). Daráselle importancia á oralidade con actividades lúdicas, cancións e contos axeitados á etapa.

No 2º e 3º ciclo da Educación Primaria elaboraranse materiais curriculares de apoio:

- a) Exercicios de lectura e comprensión.
- b) Exercicios de morfoloxía e léxico con diferentes graos de dificultade.

- c) Actividades de expresión oral e de expresión escrita.
- d) Actividades de carácter lúdico.
- e) Apoios na medida das posibilidades do profesorado.

Na ESO, os Departamentos de Lingua castelá e Lingua galega determinarán os materiais de apoio para as dúas linguas.

Xa que o contorno do centro non presenta, ao noso xuízo, excesivos problemas para acadar a competencia lingüística nas dúas linguas oficiais ao remate da ESO, trataremos de atender a casuística puntual con reforzos individualizados.

En todo caso, será necesario atender o fomento de actitudes de respecto ás diferentes linguas.

Tamén hai que ter en conta que moitos alumnos e alumnas están exentos da materia de Lingua Galega por permanecer escaso tempo en Galicia.

4. – MATERIAS QUE SE IMPARTIRÁN EN LINGUA GALEGA.

a. EDUCACIÓN INFANTIL.

Impartirase en galego como lingua predominante, en función da lingua do contorno, atendendo ás particularidades que sexan necesarias.

b. EDUCACIÓN PRIMARIA (1º e 2º cursos)

Seguiranse os mesmos criterios que en E. Infantil. Utilizarase o galego nas áreas de Coñecemento do Medio, Plástica, Música e Relixión.

c. EDUCACIÓN PRIMARIA (3º e 4º cursos)

No 3º curso impartiranse en galego ás áreas de Coñecemento do Medio, Plástica, Música e Relixión. No 4º curso, dispensaranse en galego as áreas de Música, Coñecemento de Medio e Relixión.

d. EDUCACIÓN PRIMARIA (5º e 6º cursos).

No 5º curso a lingua galega empregárase nas áreas de Coñecemento do Medio, Música e Relixión. Como sección bilingüe, na área de Plástica. No 6º curso, en Coñecemento do Medio, Plástica, Música e Relixión.

e. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (Áreas en galego)

1º ESO: Bioloxía e Xeoloxía, Xeografía e Historia, Lingua Galega e Literatura, Relixión Católica, Proxecto Competencial, Tecnoloxía e Dixitalización, Educación Plástica visual e audiovisual.

2º ESO: Xeografía e Historia, Lingua Galega e Literatura, Relixión Católica, Proxecto Competencial, Tecnoloxía e Dixitalización, Francés.

3º ESO: Bioloxía e Xeoloxía, Xeografía e Historia, Lingua Galega e Literatura, Relixión Católica, Proxecto Competencial, Francés, Educación en Valores Cívicos e Éticos.

4º ESO: Bioloxía e Xeoloxía, Xeografía e Historia, Lingua Galega e Literatura, Relixión Católica, Proxecto Competencial, Francés, Tecnoloxía, Dixitalización.

5. – IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUAS ESTRANXEIRAS.

Continúase coa sección bilingüe de 1º ESO na área de EDUCACIÓN FÍSICA.

6. – INFORMACIÓN E VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA REALIZADOS POLO CENTRO NO CURSO 2022-2023.

Na memoria presentada por este Equipo de Dinamización a finais do pasado curso, aprobada polo Claustro e Consello Escolar facíase unha reflexión sobre a realidade sociolingüística do Centro e o grao de consecución dos obxectivos marcados. Perfilabamos as etapas que nos quedan por percorrer no que atinxe á normalización e dinamización da lingua galega e á súa convivencia coa outra lingua oficial.

Ao mesmo tempo, fixemos as oportunas observacións sobre o cumprimento da lexislación vixente nesta materia.

Desde este Equipo manifestamos na memoria final a nosa seria preocupación polo camiño que se está a seguir en política lingüística, e que non é precisamente favorable á recuperación da nosa lingua.

Impartíronse nos últimos anos en castelán moitas materias que tiñan un certo prestixio (Matemáticas, Física e Química, Tecnoloxía, Plástica) así que houbo que cambiar libros de texto que estaban a disposición do alumnado co conseguinte custo económico. A LOMCE parece que agravou os problemas que xa tiña o galego en canto as horas reais impartidas.

Reflexionabamos sobre o feito de que se aveciñan tempos nos que as actuacións que os Equipos, agora de dinamización (non parece casualidade que se cambiara o nome inicial de normalización), viñan desenvolvendo nos centros, se farán máis complicadas, esquecendo o verdadeiro papel que deben ter na educación a lingua propia, a cultura, a maneira de entender o mundo ou a transmisión da nosa memoria colectiva.

Non foi para nós doado, xa que logo, resumir os problemas das linguas nunhas liñas, nin circunscribilos ao noso centro.

Pensabamos que debería ser toda a sociedade a que dera pasos para que os vindeiros alumnos do centro dominen máis linguas sen perder a propia, que lles confire unha identidade cultural única diante deste mundo uniforme e globalizado no que nos toca vivir.

Estamos tamén encarando novos retos no uso das linguas propias. Aí está a aprobación, despois de tantos anos, da posibilidade de facer uso das linguas que son cooficiais, mais minorizadas de sempre, no Parlamento Español. Tiveron que pasar moitos anos para "normalizar" algo que parece razoable. E aínda hai sectores da sociedade española que rexeitan este uso.

Tendo en conta, pois, que o labor normalizador é moi complexo, polos condicionantes externos, o Equipo marcou para este curso unha serie de obxectivos cunha diferente temporalización.

A meta final estaría no uso normal do galego como lingua propia nas actividades do CPI e nas relacións interpersoais dos membros da comunidade educativa, acadando os alumnos unha alta competencia lingüística tamén en Lingua Castelá. Non parece que aos nosos alumnos e alumnas lles vaia tan mal por ter dúas linguas cooficiais, se temos en conta os diferentes informes internacionais sobre educación. O que si está claro é que organismos europeos culpan a nosa Administración de non defender as linguas minorizadas.

A curto prazo, propuxémonos continuar coas actividades que o Centro ten consolidado ao longo da súa existencia, froito do traballo dos Equipos de Normalización anteriores, dos Departamentos e do profesorado en xeral.

Quixemos deixar claro que o Equipo de Dinamización lingüística non é un fiscalizador. En materia lingüística hai unha lei que determina as obrigas do centro e unha Administración que debe velar polo seu cumprimento.

Posto que a normalización da lingua galega é tarefa de todos, o Equipo tratou de cumprir as funcións de observador da realidade lingüística e actuar como dinamizador, prestando os apoios necesarios e facendo propostas que contribuíran a un maior uso e prestixio da lingua propia.

Con esta finalidade, colaborouse cos Departamentos e Equipos que o solicitaron na procura de materiais, corrección de textos, etc.

No que respecta ao uso do galego na administración do centro, podemos dicir que se cumpriu con exactitude: documentación académica, circulares remitidas, uso da megafonía, actas, programacións didácticas, actos académicos, etc. Solicitouse dende a Dirección e dende algúns departamentos a corrección lingüística de textos por parte do profesorado de galego ou do Equipo.

Tamén constatamos que, en xeral, o uso do galego é amplo entre os distintos membros da comunidade educativa, sen que se desataran conflitos lingüísticos dentro do centro, o que sempre resulta un bo punto de partida para levar adiante un proxecto axeitado á nosa realidade.

Nun centro de ensino é importante, como se dixo anteriormente, que a normalización do galego unha tarefa que asuman todos, ou cando menos "tolerada" por todos. Así que moitas actividades que tiveron que ver coa lingua non se poden atribuír a este equipo: son o traballo do Departamento de Lingua Galega, Equipos de Ciclo de Primaria ou de Infantil, e iso parécenos máis importante porque amosa o compromiso da maior parte de centro co galego.

Podemos salientar, a modo de resumo, publicacións de traballos na revista do centro, actividades que se realizaron co gallo de distintas celebracións (magosto, Nadal, Letras Galegas...), visitas pola contorna e itinerarios culturais organizadas polos Departamentos, páxina web do centro, horto escolar...

Tamén é necesario subliñar a adquisición de material bibliográfico e multimedia en lingua galega que están a facer a Biblioteca do centro e os distintos Departamentos.

ACTIVIDADES REALIZADAS

1. – Magosto do centro (mes de outubro).

Celebrouse de novo despois de remitir a pandemia.

2. – Actos Premio Ramón Piñeiro "Facer País".

O centro vén participando nestes premios que xa teñen unha longa traxectoria. Neles téntase homenaxear a aquelas persoas ou entidades que se distinguiran na defensa da cultura e lingua galegas. Ao longo dos anos foron agasallados, despois do intelectual Isaac Díaz Pardo, escritores (Neira Vilas, Agustín Fernández Paz, Marica Campo, Luz Pozo Garza),

actores (Luis Tosar), políticos (Xosé Manuel Beiras), músicos (Milladoiro, Mini e Mero, a familia Seivane), Xurxo Souto, Basilio Losada, Margarita Ledo, entidades como A Nosa Terra, Real Academia Galega, Luar na Lubre. Na última edición recibiu o premio a santiaguesa **Luz Fandiño**.

Os actos teñen lugar en Láncara (San Pedro). Neste ano foi o responsable deste Equipo de Dinamización o que pronunciou o discurso de benvida na emblemática Ponte de Carracedo, continuando despois os actos con distintas intervencións.

É importante achegar persoeiros da cultura do país ao noso alumnado, que tamén participa con grupos musicais da contorna nas actividades programadas, porque contribúe a prestixiar a nosa lingua e cultura.

3. – Certame Literario da Asociación Arumes do Corgo (Novembro e decembro).

Participación dos alumnos no Concurso Literario con colaboración do profesorado e asistencia á entrega de premios no Centro Sociocultural do Corgo, lectura de poemas polos alumnos, actuacións musicais e de contacontos.

4. – Concurso de tarxetas do Nadal (mes de decembro)

O profesorado colaborou no xurado e na motivación dos alumnos.

5. – Festival do Nadal (último día lectivo de decembro)

Volveuse retomar de novo con actuacións de todos os cursos das diferentes etapas e coa coral de profesores.

6. – Xornadas de convivencia co CPI de Castroverde.

Levou ao CPI amigo a obra "Os vellos non deben namorarse" de Castelao, partillando co Centro unha xornada de amizade e compañeirismo.

7. – Horto Escolar (Durante todo o curso)

Actividade na que participaron numerosos profesores e alumnado de diferentes etapas e niveis baixo a coordinación da profesora de Bioloxía. Tratábase de fomentar os cultivos ecolóxicos e coñecer as plantas e os seus ciclos.

8. – Revista escolar RAPILÁN (De outubro a abril)

Nela colaborou toda a comunidade educativa. A revista volveu saír adiante despois da pandemia (sacáramos unha revista virtual) . Pero conseguiu-se que estivera na páxina web do CPI coa mesma ilusión e forza de sempre, retomando a súa impresión en papel no pasado ano académico.

9. – Coñecendo as terras do Neira (Mes de xuño)

Ruta de sendeirismo polo río Neira con saída de Bande e chegada a Láncara.

Esta actividade tradicional volveu tamén a celebrarse. Seguindo a ruta do antigo Camiño Real, visitamos a igrexa de San Pedro de Bande, o muíño da Corveira e, pola Abelaínza, chegamos á emblemática ponte de Carracedo. Desde aquí seguimos cara á área recreativa do río Neira, en Láncara onde repuxemos forzas cos bocadillos que nos facilitou o centro.

10. – Semana das Letras galegas e festival (mes de maio).

Tamén se volveu celebrar a semana das Letras galegas, adicadas neste ano a Fernández del Riego. Desenvolvéronse moitas e variadas actividades para todas as etapas educativas, festival e teatro (Os vellos non deben namorarse, de Castelao), co traballo de Ana Belén (PT) e Xan (LGL) na organización do alumnado.

Esta obra foi representada fóra do CPI en Centros de Día e Colexios como o de Casterverde.

Diciamos na memoria que queda moito por facer; pero, en liñas xerais, pensamos que se cumpriron os obxectivos de seguir mantendo viva a lingua galega un ano máis e que a comunidade educativa valorou positivamente as actuacións do Equipo neste curso.

Ben seguro que teremos que traballar con novas estratexias (manter actividades e programar outras diferentes) para que no futuro sigamos tendo nenos e nenas que falen a lingua propia de Galicia, que amen a súa lingua sen complexos e que, ao mesmo tempo, dominen outras.

Como dixemos na memoria, non depende exclusivamente de nós, mais nós dedicáremoslle o noso tempo e o noso esforzo.

7. – INFORMACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA PREVISTOS PARA O CURSO 2023- 2024

Incluímos, en primeiro lugar, actividades que tratan de dar resposta aos obxectivos xerais do centro para o fomento do galego.

- Seguir completando a Biblioteca do centro con fondos en galego.
- Continuar ampliando fondos da fonoteca e filmoteca.
- Completar a páxina web do Centro.
- Subscrición a publicacións escritas en galego.
- Darlle continuidade á revista do Centro.
- Elaboración de documentos en galego que poidan ser utilizados polo profesorado.
- Celebración de festas tradicionais (Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas...), mais adaptadas á chamada "nova realidade"

xurdida despois da invasión do coronavirus. Haberá que valorar que se pode facer e que non.

- Colaboración con Asociacións e outros centros educativos.
- Colaboración do Equipo cos distintos Departamentos e Equipos de Ciclo do centro.
- Outras actividades de carácter ocasional que se presenten ao longo do curso.

RECURSOS CON QUE CONTA O CENTRO.

a. Recursos humanos.

- Contamos coa colaboración dos membros do Equipo e demais profesorado disposto a comprometerse nesta tarefa.
- Cunha práctica habitual no uso do galego nas relacións entre os membros da comunidade educativa.
- Coa colaboración de Asociacións Culturais e doutros centros educativos.

Recursos materiais.

- Biblioteca, que conta cun bo fondo de libros en galego, sobre todo de literatura infantil e xuvenil e que realiza actividades de dinamización, proxectos lectores, encontros con escritores galegos...
- Material de apoio en galego (murais, gráficos, fichas, traballos do profesorado, apartacións doutras institucións...)
- Medios informáticos e audiovisuais.
- Medios económicos aportados polo centro e outras institucións.

DESCRIPCIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN

LINGÜÍSTICA PARA O CURSO 2023-2024

a. Magosto.

A conservación das tradicións populares é importante porque están ligadas á lingua en moitas das súas manifestacións.

O outono é unha estación vencellada á recollida dos froitos (noces, uvas, patacas, castañas...) e que, na nosa contorna, pola abundancia de castiñeiros, segue aínda viva nos costumes populares.

Ao redor das castañas asadas, que se preparan no patio do centro, xiran as distintas actividades coordinadas por unha profesora de E.Infantil, outra de E.Primaria e os Xefes de Estudos de Primaria e Secundaria.

Durante toda a semana trabállanse contos, poemas, refráns, relacionados co outono e as castañas.

Todos saen ao patio, comen castañas e participan en xogos diversos: uns adaptados aos diferentes cursos e outros comúns nos que se mesturan alumnos da ESO con alumnos de Infantil e Primaria.

Aprovéitase a actividade para fomentar hábitos de limpeza e de colaboración.

Está programada para o **31 de outubro**.

Os gastos previstos son exclusivamente de material funxible (papel, pinturas, cartóns, cola...).

b) Participación nos Premios Ramón Piñeiro "Facer País"

Como viñemos facendo en anos anteriores, participamos nestes actos colaborando coa Asociación Val de Láncara, organizadora do premio, coas outras máis de 20 asociacións da bisbarra e o concello para a entrega do premio en Carracedo (Láncara).

A mediados de novembro están previstos os actos da entrega do premio nos que tamén participaremos.

b. -Certame Literario da Asociación Cultural ARUMES DO CORGO

Na política de colaboración que o centro vén practicando coas Asociacións culturais do contorno, participamos dende hai catro anos no Certame Literario en Lingua Galega que a Asociación Cultural Arumes convoca para o Nadal.

Dado que o resultado foi positivo, decidimos participar nesta nova edición do certame que leva o nome de TERRAS DE CHAMOSO.

Hai varias categorías (infantil, xuvenil, adultos) e dúas modalidades (poesía e relato curto).

A Asociación organiza un acto de entrega de premios con actividades ás que poden asistir os alumnos (contacontos, maxia, música, bailes, lectura de poemas, etc., antes do Nadal). Non hai gastos previstos polo tipo de actividade de que se trata, mais hai un traballo do profesorado do centro e do Equipo de Dinamización animando os alumnos para que participen e se expresen na nosa lingua.

O xurado está formado por profesores de Lingua Galega e por escritores (en anteriores edicións: Marica Campo, Antonio Reigosa, Rubén Ruibal, Lois Diéguez, Darío Xohán Cabana, Pilar García Negro...) que asisten aos actos.

Previsiblemente, na última semana do mes de novembro deberán estar os traballos a disposición do Equipo de Dinamización Lingüística, quen os fará chegar á Asociación convocante.

d. Concurso de tarxetas do Nadal con lemas en galego

O Nadal é unha época na que adoitamos remitir parabéns aos nosos amigos e achegados.

Polo xeral, mercamos tarxetas que pouco ou nada teñen que ver coa nosa cultura e co noso país.

Achegar os alumnos a unha tarxeta personalizada e na nosa lingua é o obxectivo da actividade. Ao mesmo tempo, trabállanse as habilidades plásticas estimulando a creatividade.

A actividade está prevista para a primeira semana de decembro. Despois, farase unha exposición dos traballos e entregaranse os premios no festival do Nadal.

A coordinación estará a cargo do profesorado de Plástica e do Equipo de Dinamización.

Festival do Nadal.

No último día lectivo de decembro, organizamos todos os anos (agás na pandemia) un festival aberto aos pais e nais dos alumnos no que participan todos os cursos das distintas etapas educativas do centro. Hai actuacións musicais (panxoliñas en galego) e representacións teatrais.

O profesorado tamén participa nunha coral dirixida pola profesora de música.

A actividade está prevista para o **21 de decembro.**

e. Revista do centro (RAPILÁN).

Outra das actividades plurianuais que o centro vén realizando é a edición dunha revista escolar (un número por ano). Son os alumnos maiores os que compoñen o Consello de Redacción. A revista é totalmente en galego e trata de recoller as colaboracións de todas as etapas educativas do centro, centrándose na nosa contorna. Faise unha tirada que permita a súa distribución a todas as familias e institucións do radio de influencia do centro.

Os colaboradores teñen como prazo para presentar os traballos o mes de marzo. Despois procederemos á corrección lingüística, maquetación e impresión.

Seguiremos mantendo esta actividade, porque xa fomos quen de afrontala durante o confinamento e durante o pasado curso.

f. Coñecendo Láncara a carón do Neira.

Ruta de sendeirismo planificada polo centro que parte de Bande e continúa polo Camiño Real bordeando o río Neira ata chegar á ponte de Carracedo.

Alí, a poucos metros, está o edificio que foi a antiga casa consistorial do concello e un busto de Ramón Piñeiro.

Despois, achegarémonos á área recreativa de Lán cara, a carón do Neira.

Aproveitaremos a ruta para traballar con fichas de bioloxía, historia, arte, etc. que foron elaboradas por un grupo de traballo formado por profesores do centro.

Comeremos a carón do río e teremos xogos populares para os alumnos (billarda, chave...)

Estará coordinada polo Equipo de Dinamización en colaboración co Departamento de Educación Física.

Ao tratarse dunha actividade no exterior, pensamos que se programará para o final de curso, no mes de **xuño** en data sen determinar.

g. Semana das Letras Galegas.

O Equipo colaborará nos actos previstos para a semana das letras galegas. Ao longo da semana haberá diferentes actividades (aínda sen determinar) adaptadas ás diferentes idades do noso alumnado (conferencias, obradoiros, elaboración de murais, festival...)

Coordinará a Dirección do Centro coa colaboración de profesores dos diferentes ciclos e o propio Equipo de Dinamización.

l. Horto escolar.

Actividade coordinada polo Departamento de Bioloxía. Preténdese que os alumnos se inicien nos cultivos ecolóxicos, no coñecemento de plantas de horta e medicinais. Etiquetar as plantas co seu nome galego e coñecer o nome de ferramentas agrícolas e tarefas do agro en xeral. Facer traballos relacionados coa horticultura. Será previsiblemente posible continuar con esta actividade.

CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES PARA O ANO ACADÉMICO 2023 – 2024

TEMPO R.	ACTIVIDADE	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	ORZA M.
31 de outubro	MAGOSTO	E. Infantil E. Primaria Xefes de Estudos E. Dinamización	Alumnos, profesores e persoal non docente	200 €
Mediados de novembro	PREMIOS RAMÓN PIÑEIRO FACER PAÍS	E.DINAMIZACIÓN	Acto aberto á comunidade educativa	0€
Finais de novembro e Nadal.	Certame Literario da Asociación Arumes	Coordinador de Equipo de Dinamización	Alumnos Primaria, ESO e adultos	0 €
Decembro	FESTIVAL DO NADAL	Todo o profesorado e profesora de Música especialmente.	Todo o alumnado, profesorado, familias e persoal non docente.	Por determinar
1ª semana de decembro	Concurso de tarxetas do Nadal con lemas en galego	Equipo de Dinamización e Departamento de Plástica	Todos os alumnos do centro	150 €
Finais de	Revista do centro (RAPILÁN)	Depart. de Plástica e outros	Toda a comunidade	2.600 €

marzo		E. Dinamización	educativa	
Xuño	Coñecendo Láncara a carón do Neira	E. de Dinamización Depart. E. Física	Alumnos de 1º da ESO E 2º da ESO	100 €
Todo o curso	HORTO ESCOLAR E XARDINEIRÍA	D. Bioloxía,	Alumnos da ESO	150 €
			TOTAL	3200 €

15.- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: CONCRECIÓNS ANUAIS.

1. CONTEXTO.

1.1.- RECURSOS.

Ademais dos diferentes profesores e profesoras que imparten as materias da súa especialidade, tamén dispoñemos doutros profesionais especialistas na atención á diversidade do alumnado:

- Unha mestra de apoio a Educación Infantil.
- Tres mestres/as especialista en Pedagogía Terapéutica. Dous na etapa de E.S.O. e unha na etapa de E.P.
- Unha mestra especialista en Audición e Linguaxe (compartida co CEIP Plurilingüe do Páramo).
- Un orientador.

1.2. MARCO LEGAL.

Con respecto ao curso actual 2023-24, ademais de ter en consideración a normativa recollida no documento base do P.X.A.D., teranse en consideración dúas novidades normativas respecto do inicio do curso anterior: a *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro pola que se modifica a LOE (LOMLOE)* e a *Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolveu o Decreto 229/2011 de atención á diversidade*, así como os Decretos e as Ordes que os desenvolven que establecen a ordenación e o desenvolvemento dos currículos nas diferentes etapas (educación infantil, primaria e ESO).

Neste apartado tómase como referencia a normativa básica que condiciona e regula os diferentes aspectos relacionados coa atención á diversidade nos centros educativos.

- Ley 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la *Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación*. (BOE 30/12/2020).
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES.

2.1. IDENTIFICACIÓN DAS NECESIDADES EDUCATIVAS

2.1.1. ACTIVIDADES DE INICIO DE CURSO

Ao inicio de curso realizaranse as seguintes actividades, coa finalidade de prever e detectar de xeito temperá as necesidades educativas do alumnado:

ACTIVIDADE	IMPLICADOS	TEMPORALIZACIÓN
Cando un titor/a se fai cargo dun novo grupo de alumnos, reunirase durante o mes de setembro coa titora ou titor anterior para coñecer as características grupais e individuais do curso que vai titorar.	Titores/as	Setembro
Revisión de documentación do alumnado do grupo-clase no seu expediente académico.	Titores/as	Setembro
Entrevistas dos titores co DO, que achegará información sobre o alumnado que conte con informe psicopedagóxico ou doutro alumnado acerca do que se dispoña de información relevante para a súa atención.	Titores/as - DO	Setembro

Ao comezo do curso, as actividades lectivas enfocaranse á realización dunha avaliación inicial .	Titores/as	Setembro
Sesións de avaliación inicial nas que participa todo o equipo docente e DO e se establece o punto de partida dos ANEAEs, así como as medidas a adoptar.	Equipo docente-DO	Outubro
Entrevistas coas familias dos ANEAEs para coñecer a súa situación de partida, e o regreso tras as vacacións.	Titores/as - DO	Setembro
Entrevistas coas familias dos ANEAEs ou alumnado de nova incorporación (*realizando unha avaliación psicopedagóxica cando sexa oportuno).	Titores/as - DO	Setembro

2.1.2. PROCEDEMENTO XERAL PARA A AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.

Os pasos básicos que se establecen para levar a cabo unha avaliación psicopedagóxica quedan fixados do seguinte modo:

- O/a titor/a informará acerca da competencia curricular nas áreas instrumentais básicas, necesidades educativas, estilo de aprendizaxe, etc.; seguindo o protocolo de demanda de avaliación psicopedagóxica (documento de demanda que aparece no Anexo VIII).
- O/a titor/a informará á familia sobre a necesidade de avaliación do seu fillo/a. Previamente a calquera actuación, a familia firmará a súa conformidade ou desconformidade coa solicitude de avaliación.
- A continuación o orientador realizará a avaliación psicopedagóxica.

- En rematando a mesma, informará sobre o resultado ó titor/a (quen informará ó resto do profesorado que lle dá clase ó escolar) e ó/á xefe/a de estudos. Ademais, informarase á familia dos resultados e medidas a adoptar.
- Deixarase constancia por escrito da avaliación no expediente do escolar, a través do pertinente informe psicopedagóxico.

2.1.3. DETECCIÓN DE NOVO ALUMNADO

O alumnado de nova incorporación ao centro que poida presentar necesidades educativas especiais derivadas de condicións persoais asociadas a discapacidade física, psíquica ou sensorial ou a graves trastornos de persoalidade e de conduta poderá ser obxecto dunha avaliación, no caso de que non teña valoración psicopedagóxica previa e/ou recente.

Cando o profesorado detecte un escolar de nova incorporación, que poida presentar necesidades específicas de apoio educativo, poñerase en marcha un protocolo de actuación que implica unha reunión inicial do/a titor/a e/ou do equipo docente co Orientador e, no seu caso, unha posterior avaliación psicopedagóxica.

Cando se trate de alumnado que solicita matriculación no centro e que indique solicitude de praza pola reserva para escolares con NEAE:

- O orientador efectuará unha valoración inicial
- Unha vez elaborado o informe correspondente, enviarase á inspección, a fin de que se tramite a avaliación do especialista correspondente do EOE, que emitirá un informe dirixido á Comisión de Escolarización

- Esta comisión determinará a conveniencia ou non da súa escolarización no centro
- Emitirase o ditame de escolarización.

2.1.4. ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS.

Cando se detecta un posible caso de altas capacidades intelectuais, porase en marcha o seguinte protocolo:

- 1) Realización da avaliación psicopedagóxica por parte da xefatura do Departamento de orientación (DO) do centro.
- 2) Solicitarase a colaboración e o asesoramento do equipo de orientación específico (EOE) cando se considere necesario (art. 9 e 14 da *Orde do 8 de setembro de 2021*).

2.1.5. ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA

A persoa encargada da titoría, xunto ao profesorado especialista das diferentes materias:

- Efectuará unha avaliación inicial nas materias que imparte a fin de adaptar as ensinanzas ao alumno-a e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe (art. 12 da *Orde do 8 de setembro de 2021*).
- Nos casos en que sexa necesario demandará á xefatura do DO a realización dunha avaliación psicopedagóxica.
- A xefatura do DO realizará a avaliación psicopedagóxica do alumno-a, cando proceda; emitindo o preceptivo informe psicopedagóxico que axuda a fundamentar a resposta educativa con especial atención ás medidas educativas específicas para o alumnado de incorporación tardía.

2.1.6. ALUMNADO CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE

Na atención a este perfil de alumnado seguirase o mesmo protocolo que o establecido no apartado 2.1.4. para o alumnado con altas capacidades intelectuais. Isto é, primeiramente, realización da avaliación psicopedagóxica por parte da xefatura do departamento de orientación, e; en caso de ser necesario, solicitude de colaboración e/ou asesoramento do equipo de orientación específico.

2.2. NECESIDADES DETECTADAS.

2.2.1. ALUMNADO

ACTIVIDADE	IMPLICADOS	TEMPORALIZACIÓN
Entrevistas dos titores co DO, que achegará información sobre o alumnado que conte con informe psicopedagóxico ou doutro alumnado acerca do que se dispoña de información relevante para a súa atención.	Titores/as - DO	Setembro
Sesións de aviación inicial nas que participa todo o equipo docente e DO e se establece o punto de partida dos ANEAEs, así como as medidas a adoptar.	Equipo docente-DO	Outubro
Entrevistas coas familias dos ANEAEs para coñecer a súa situación de partida, e o regreso tras as vacacións.	Titores/as - DO	Setembro
Reunión DO para revisión do PXAD, criterios dos apoios e medidas co ANEAEs.	DO	Setembro

3. OBXECTIVOS DO PLAN

- Incorporar accións cara a prevención das dificultades de aprendizaxe nas diferentes áreas do currículo.
- Facilitarlle ó alumnado en xeral, e a aqueles que presentan necesidades educativas especiais en particular, unha resposta coa maior prontitude e o máis adecuada posible que, segundo os recursos dispoñibles, lle permita optimizar o seu desenvolvemento persoal e social.
- Favorecer o desenvolvemento de propostas metodolóxicas e de avaliación que faciliten unha adaptación ás necesidades de cada escolar.
- Coordinar o desenvolvemento da inclusión escolar do alumnado con perfil de necesidades educativas especiais (NEEs).
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa axeitada ó alumnado, especialmente ós que presenten NEEs.
- Articular o asesoramento a familias sobre actuacións específicas.
- Favorecer a participación e colaboración de nais e pais no proceso de ensino e aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
- Impulsar a colaboración e coordinación do centro con outras institucións e asociacións no eido da atención á diversidade, para - a través do traballo colaborativo e interdisciplinar - concorrer mellora e avances no progreso educativo e no desenvolvemento persoal do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE).

4. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS.

Organizarase a resposta educativa ao alumnado en base ós principios de normalización e inclusión. Por tanto, a primeira atención recíbea o alumnado no seu grupo clase por parte da titora, pero establecemos

medidas máis específicas dirixidas a aquel alumnado para quen esta resposta non é suficiente, sempre segundo un principio de progresividade (avanzando das ordinarias ás extraordinarias).

4.1 MEDIDAS ORDINARIAS

Estas medidas facilitan a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ás características do alumnado. Non requiren autorización específica da dirección do centro, do Servizo de inspección educativa ou da Xefatura Territorial.

4.1.1 PLANS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS

Estarán dirixidos a facilitar a adaptación e o desenvolvemento emocional, así como a previr as dificultades de aprendizaxe máis comúns nos diferentes ámbitos curriculares.

Temos en marcha os seguintes plans e programas:

Lectura e escritura - Plan lector.

Propónse para Primaria un plan estruturado para toda a etapa dirixido a potenciar, mellorar e incrementar as habilidades de lectura.

Convivencia

Propoñemos actuacións de cara á prevención de conflitos (acollida e integración de alumnado, relación coas familias ...) e para a resolución non violenta dos mesmos, ademais do que se recolle no protocolo de intervención en casos de acoso entre iguais. Desenvolverase un Programa de habilidades sociais, así como actuacións de sensibilización en colaboración coa Garda Civil (dentro do Plan Director).

Titoría

Dende a acción titorial abordarase a integración do alumnado, á vez que tratamos de favorecer o desenvolvemento emocional e a aprendizaxe de habilidades sociais.

Por outra parte, incidimos na mellora da colaboración coas familias mediante actuacións dirixidas a nais e país: entrevistas grupais, entrevistas individuais ademais de facilitar suxestións sobre diferentes aspectos empregando documentos elaborados no DO.

Protocolos

Conforme as diferentes necesidades e características persoais que presente o alumnado, adaptaranse ás características do centro-aula-alumno os diversos protocolos da Consellería de Educación (Protocolo TEA, TDAH, Dificultades Específicas de aprendizaxe).

4.1.2 REFORZO EDUCATIVO

Recibirá reforzo o alumnado que presente un desfase curricular ou que encontre unha maior dificultade na aprendizaxe de contidos que se consideren básicos, incluídos hábitos e rutinas no caso de EI. En termos xerais, será impartido polo titor/a e, cando as condicións o permitan, colaborará outro profesorado en coordinación coa titora ou titor. Nestes casos, o alumnado que recibe apoio en cada grupo determínanos o titor/a, quen indicará aqueles contidos concretos do currículo que se deben traballar.

A medida desenvolverase na aula ordinaria, de forma individual ou en pequeno grupo. Con todo, no caso de dificultades específicas de aprendizaxe *con diagnóstico*, poderase intervir fóra da aula ordinaria para traballar aspectos concretos, dentro sempre dos límites definidos pola

normativa. As actividades de reforzo formarán parte da programación de aula.

As familias serán informadas das medidas adoptadas e dos obxectivos que se pretenden conseguir. O DO colaborará asesorando sobre a resposta educativa e, nos casos que se considere necesario, realizará unha avaliación psicopedagóxica.

O profesorado de PT e AL poderá intervenir tanto en ESO, en EP coma en EI, segundo as necesidades.

A toma de decisións sobre a distribución dos apoios realizarase tendo en conta as necesidades que en cada momento se detecten, valorando cada situación e priorizando a intervención naqueles casos que máis o necesiten. En todo caso, esta priorización farase conforme aos **criterios que se recollen no Anexo VII** do PXAD e, en coordinación coa Xefatura de Estudos, tendo en consideración as variables que se mencionan anteriormente e tratando de satisfacer o maior número posible de necesidades.

4.1.3.APOIO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA.

Conforme o establecido na *Orde do 8 de setembro de 2021*, o profesorado con dispoñibilidade horaria prestará apoio ao alumnado con perfil de necesidades específicas de apoio educativo, segundo o horario de apoios establecido polo Departamento de orientación e a Xefatura de Estudos.

4.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

4.2.1 ADAPTACIÓNS CURRICULARES (AC).

Consideraranse ACS, conforme a *Orde do 8 de setembro de 2021* as que impliquen unha adaptación de obxectivos, contidos ou criterios de

avaliación. Un destes casos poderá ser a utilización de sistemas aumentativos/alternativos de comunicación.

- **Referente as bases da elaboración:**

-O currículo de referencia será o do nivel de escolarización do alumno/a.

En función das necesidades educativas do alumno/a, é necesario que na adaptación curricular se contemplen obxectivos relacionados co desenvolvemento integral (habilidades de interacción social, adaptación ó entorno, equilibrio persoal, autoestima...), xunto a contidos máis académicos.

4.2.2 INTERVENCIÓN DO PROFESORADO DE PT e AL

Este profesorado intervirá nos casos de necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, nos casos de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo cando se especifique no correspondente informe psicopedagóxico. A medida poñerase en marcha logo de emitir o informe.

Tamén será necesaria a emisión de informe no caso de dificultades de fala, que serán atendidas polo mestre de AL, conforme a súa dispoñibilidade horaria e os criterios de establecemento dos apoios que aprobe o Departamento de orientación.

A intervención destas *mestras/es efectuarase preferentemente, e como norma, dentro da aula ordinaria. Poderá realizarse o apoio fóra da aula ordinaria soamente en casos excepcionais, que estean debidamente previstos na ACS (adaptación curricular) e/ou no correspondente informe psicopedagóxico.* Non intervirán con alumnado de 3 anos que non dispoña de informe de NEE con diagnóstico de discapacidade, a non ser que a dispoñibilidade horaria o permita, ou se recomende esta intervención no correspondente informe psicopedagóxico.

5. CRITERIOS PARA A ATENCIÓN DE ALUMNADO QUE PRECISE APOIO E PROFESIONAIS IMPLICADOS.

5.1. CRITERIOS XERAIS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO.

- Cando as condicións e necesidades do centro o permitan, o profesorado que conte con maior número de horas libres lectivas no seu horario dedicaranas á atención de alumnado de reforzo, preferiblemente do nivel/ciclo en que imparta clase. Estes apoios faranse preferentemente dentro da aula. Intentarase que un mesmo alumno/a sexa atendido polo menor número posible de profesionais.
- Os apoios ao alumnado con NEEs efectuaranse preferentemente dentro da aula ordinaria.
- Priorizarase o traballo nas áreas instrumentais.
- Como norma xeral, o alumnado con necesidades educativas máis importantes, recibirá maior número de horas de apoio, tal e como se recolle nos criterios de distribución dos apoios recollidos no **Anexo VII**.
- Cando o permita a organización do centro, os apoios realizaranse en horas que no sexan de especialidades. En todo caso, evitaremos que se desenvolvan nas especialidades de EF, polas implicacións lúdicas, Plástica, Música e Relixión porque unicamente reciben 1 hora semanal. En lingua estranxeira evitaremos a súa utilización en todas as sesións.
- Sempre que se poida, procurarase adaptar o horario de clase ordinaria, exceptuando o das especialidades, para facilitar traballar a mesma área co alumnado que queda na clase e co que se apoia fóra.

6. COORDINACIÓN INTERNA E CON OUTROS CENTROS.

6.1. COORDINACIÓN INTERNA.

Os mecanismos para optimizar a coordinación interna serán os establecidos con carácter xeral no centro:

- Reunións do DO: completo, do profesorado de PT e AL e das titorías co orientador e/ou co profesorado de PT e AL.
- Reunións de ciclo, de nivel e de curso.
- Reunións da CCP.

6.2. COORDINACIÓN CON OUTROS CENTROS.

No relativo ao centro adscrito do Páramo, a coordinación levarase a cabo a través de reunións do orientador coas titoras. As canles fundamentais establecidas con outros centros de referencia son as direccións, pero tamén as xefaturas dos DO no que atinxe á organización de visitas de alumnado ou á transmisión de información sobre alumnado obxecto de medidas de atención á diversidade.

7. COLABORACIÓN CON FAMILIAS E SERVIZOS EXTERNOS.

7.1. FAMILIAS.

Este ámbito tratarémolo empregando reunións nun número e cunha periodicidade variable segundo as necesidades:

- Reunións iniciais do titor ou titora coas familias. Nestas reunións infórmase sobre as dificultades que se detecten e sobre as propostas de intervención, incluída a posible avaliación psicopedagóxica e a autorización para a mesma.
- Reunións co orientador, nas que se solicita información relevante, facilitarase información e proporcionaranse suxestións.

- Reunións de seguimento, con periodicidade variable segundo os casos, nas que poden participar: titor,, docentes especialistas e o orientador.

7.2. SERVIZOS EXTERNOS.

Debido a que no centro está escolarizado alumnado que recibe tratamentos médicos ou intervención psicopedagóxica por parte de profesionais externos, é imprescindible ou recomendable manter contactos periódicos cos mesmos. Esta comunicación farase contando coa colaboración da familia e respectando a normativa en materia de protección de datos. Neste senso, velarase por unha comunicación fluída con:

- Servizos de neuropediatría, paidopsiquiatría e atención temperá do HULA.
- Servizos sociais do concello.
- Centros de EE.
- Profesionais da psicoloxía e pedagogía que traballa en gabinetes privados.

8. AVALIACIÓN DO PLAN.

8.1. QUE AVALIAMOS

En función das actuacións e medidas establecidas, valoraremos o grao de cumprimento dos obxectivos propostos e as dificultades atopadas, coa finalidade de realizar propostas de mellora cara ó futuro. Neste senso, avaliaremos:

- ✓ Aproveitamento de recursos materiais, persoais e organizativos.
- ✓ Eficacia na resposta educativa ás necesidades do alumnado.
- ✓ Grao de consecución dos obxectivos do PXAD.
- ✓ Implicación dos axentes involucrados.

8.2. CANDO AVALIAMOS

Con carácter xeral, a avaliación desta concreción anual do PXAD realizarase do seguinte xeito:

- ❖ Avaliacións parciais, trimestralmente.
- ❖ Avaliación da concreción anual do PXAD á finalización do curso escolar, por parte do DO, informando ao claustro e entregando á dirección do centro a Memoria Anual do PXAD.

8.3. COMO AVALIAMOS

Realizarase unha valoración do cumprimento do plan e das medidas inseridas nel na reunión que se convoque ao efecto polo DO ou pola CCP.

16.- PLAN DE IGUALDADE: CONCRECIÓNS ANUAIS.

Para o curso 2023-24 o noso centro acordou continuar a realizar as seguintes medidas de actuación co fin de impulsar os obxectivos coeducativos do Plan de Igualdade do centro educativo. Detallámoslos segundo o **ámbito** de actuación.

5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- 1.** Promover a inclusión de actuacións coeducativas nos documentos de organización do centro.
- 2.** Difundir o plan de igualdade entre os distintos axentes da comunidade educativa.
- 3.** Nomear a unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade. Actuará como persoa coordinadora en materia de igualdade para dirixir as accións enmarcadas no presente plan.
- 4.** Promover o uso dunha linguaxe inclusiva e igualitaria nas actividades do centro.
- 5.** Colaborar coa ANPA na realización de actividades coeducativas e de sensibilización en materia de igualdade.
- 6.** Crear un taboleiro que recolla información de interese sobre a igualdade de xénero e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar e que sirva de sensibilización e visibilización da igualdade.

5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES

- Procurar a revisión das programacións didácticas e o material didáctico dende unha perspectiva de xénero, co fin de incluír:

mulleres relevantes en cada ámbito do saber, a conquista dos dereitos e as desigualdades de xénero e completar a historia da humanidade.

- Incluír na práctica docente a educación en valores, estratexias para a resolución pacífica de conflitos, a convivencia pacífica, a comunicación non violenta e o fomento do espírito crítico fronte ás desigualdades.
- Realizar un estudo da situación do centro en relación á igualdade de xénero, a violencia de xénero e a LGTBI fobia a través da elaboración e análise de enquisas.
- Realizar actividades de conmemoración de datas coeducativas do calendario escolar tales como: o Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de novembro), Día Escolar da non Violencia e da Paz (30 de xaneiro), Día Internacional da Muller (8 de marzo), Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia (11 de febreiro) e ao redor das datas de celebración LGBTI.

5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO

- Difundir información sobre igualdade, violencia de xénero e diversidade LGTBI a través dun taboleiro no centro.
- Colocar un “buzón violeta” que sirva para a recollida de propostas e suxestións en materia de igualdade así como para a denuncia de situacións de acoso, violencia ou discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación afectivo-sexual.
- Incrementar os fondos da biblioteca do centro con títulos, filmes e outro material coeducativo e relativo ao feminismo e á diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero. Ademais difundirase este material á comunidade educativa a través da

elaboración dunha guía que recolla todos os recursos dispoñibles na biblioteca en materia de igualdade, para así facilitar este material como apoio e recurso didáctico ás/aos titoras/es.

- Vanse xestionar as actividades de lecer e a ocupación do patio para favorecer a inclusión de todo o alumnado e a convivencia escolar. Con este obxectivo, en educación primaria están pondo en acción o proxecto "Recreos activos" que inclúe a reestruturación dos espazos do patio, a incorporación de normas, alumnos/as responsables de xestionar as actividades, impulsar a práctica de determinados xogos/xoguetes sen caer na segregación por sexos...
- Promover unha orientación laboral e profesional non sexista e libre de estereotipos de xénero.

17.- PLAN ANUAL DE LECTURA: CONCRECIÓNS ANUAIS.

No presente **curso 2023-2024**, correspóndenos actualizar o Plan Lector, ao abeiro da LOMLOE e das súas disposicións(R.D. 155/2022 e Orde de 26 de Maio de 2023).

O Equipo da Biblioteca, de natureza interdisciplinar, está formado por profesorado das tres etapas do centro máis as dúas Xefas de Estudos, con dedicación de alomenos unha sesión semanal e coas seguintes funcións:

- Colaborar na organización e dinamización.
- Establecer criterios para a adquisición de fondos bibliográficos e videográficos.
- Recoller propostas do profesorado e do alumnado para a mellora do seu funcionamento.
- Rexistrar e catalogar os fondos existentes segundo a Clasificación Decimal Universal (CDU).
- Organizar actividades de fomento da lectura.
- Organizar actividades de formación de usuarios.
- Difundir os fondos existentes (catálogo virtual e expositores na sala).
- Ampliar as posibilidades de uso pedagóxico da biblioteca.
- Favorecer a utilización habitual da biblioteca escolar para a lectura, información e aprendizaxe (LIA), asegurando os servizos básicos (lectura na sala, préstamo, información, formación de usuarios, acceso á internet...)

ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA BIBLIOTECA

- Adquisición de novos fondos documentais:
 1. Libros informativos de temas específicos para o desenvolvemento do Proxecto Lector, a petición do profesorado.

2. Fondos destinados a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (por ex. libros coa metodoloxía de Lectura Fácil).
3. Literatura, especialmente poesía e teatro para todas as idades.
4. Libros para a sección de educación, destinados a toda a comunidade educativa.
5. Subscrición ás publicacións periódicas (O Papagaio, National Geographic...)
6. Actualización de fondos multimedia.
 - Realizar enquisas sobre hábitos lectores e estatísticas de préstamos.
 - Habilitar pequenas bibliotecas de aula para facilitar a organización da actividade "Hora de Ler".
 - Dar a coñecer os novos fondos adquiridos: expositor de novidades e catálogo virtual).
 - Facilitar a incorporación da prensa periódica no proceso educativo (temos acceso na sala a tres diarios en papel).

FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR

O Proxecto Lector do centro, ao integrar as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e da adquisición das competencias básicas, incorpora a biblioteca escolar como recurso fundamental.

O conxunto do profesorado desenvolverá o Plan Anual de Lectura, que terá como principal obxectivo converter a comprensión lectora no aspecto primordial do proceso de ensino-aprendizaxe.

Para a avaliación do hábito lector teranse en conta os índices de lectura, a capacidade do alumnado para enfrontarse a textos cada vez máis complexos e a súa competencia literaria.

Este Plan concretarase nalgunhas das seguintes actuacións: presentación de libros, encontros con autores e ilustradores, boletín de actividades

relacionadas coas lecturas, exposicións temáticas, concursos de creación literaria, voluntariado de alumnos lectores (apadriñamento lector), visita de contacontos, libro colectivo de clase, mochila viaxeira, "hora de ler", colaboración coa revista do centro...

Na Educación Primaria a Hora de Ler realizarase co profesorado titor, de xeito flexible, ao longo da xornada escolar. Haberá un calendario de utilización da biblioteca; o alumnado irá sempre acompañado polo profesorado titor.

Na ESO tamén haberá flexibilidade na Hora de Ler. Farase lectura libre e/ou lectura pautada, a criterio do profesorado, o mesmo que se utilizarán textos literarios e/ou científico-informativos. O servizo de préstamo para a ESO efeturase nos recreos, sempre supervisado por unha profesora de garda.

OUTRAS ACTUACIÓNS

- Apoio ao estudo e ao reforzo escolar para a compensación de desigualdades, permitindo a todo o alumnado o acceso ás distintas fontes de información e ao manexo das TIC.
- A biblioteca participará en proxectos do centro como o Plan TIC ou o Plan de Convivencia e tamén servirá de apoio a outros proxectos que se desenvolvan (revista escolar Rupilán, conmemoración do 50 aniversario do centro...)

CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación da actividade realizada pola biblioteca, na que participará toda a comunidade educativa (Claustro e Consello Escolar), concretará o nivel de desenvolvemento das actuacións fixadas, baseándose na observación do grao de participación e satisfacción do alumnado e profesorado, así como no

interese das actividades propostas. Realizarase mediante a análise de datos estatísticos, a información recollida de suxestións...

PROPOSTA DE ACTIVIDADES E CELEBRACIÓNS

- *Mochilas Viaxeiras para Infantil e Primaria.*
- *24 de outubro, Día das Bibliotecas Escolares (posibilidade de elaborar carnés para todo o alumnado e explicitación do funcionamento e das normas de uso)*
- *Novembro, Mes da Ciencia en galego.*
- *Mercadiño de Nadal e Árbore de Nadal feito coas enciclopedias.*
- *30 de xaneiro, Día da Paz.*
- *23 de febreiro, Día de Rosalía de Castro.*
- *8 de marzo, Día Internacional da Muller.*
- *21 de marzo, Día da Poesía.*
- *Abril, mes do Libro.*
- *Maio, mes das Letras Galegas.*
- *Ampliación da sección de libros antigos.*
- *Pequena homenaxe a Francisco Ibáñez coa exposición dos seus cómics.*
- *Apadriñamento lector.*
- *Exposición fotográfica e documental co motivo do cincuentenario do centro.*

Equipo da biblioteca: Pilar López, Mónica López, M^a José Carreira, Raquel Estévez, Manuela Vila, Berta García, M^aVictoria Fernández e M^a Jesús Gay

Coordinadora: M^aJesús Gay

18- PLAN DE CONVIVENCIA: CONCRECIÓNS ANUAIS.

1.- ASPECTOS XERAIS.

No plan de convivencia do centro sinalamos como unha meta necesaria "Aprender a compartir e a solidarizarse cos demais compañeiros, sexa este un igual ou un diferente, aprendendo xuntos o valor da convivencia e a positivación do conflito como fonte de progreso educativo". A partir da reflexión e tendo en conta que no noso centro non temos problemas graves de convivencia entre os diferentes estamentos que compoñen a comunidade educativa, si temos claro que podemos mellorar aínda algúns aspectos e, sobre todo, podemos poñer os medios precisos para previr algunhas fontes de problemas que se poden dar evitando que cheguen a manifestarse e, se este se produce, ter xa previstos os mecanismos máis idóneos para poñerlles solución.

Cremos preciso que o noso alumnado valore a empatía, a axuda e a resolución de conflitos dende as propias partes implicadas nos mesmos como algo a conseguir, que realza o respecto a cada individuo e á súa singularidade. O diálogo e a reflexión sobre o punto de vista e do sentimento do outro son aspectos claves para traballar na mellora destas situacións e relacións. En definitiva trátase de aprender a resolver conflitos de forma non violenta buscando acordos satisfactorios para as dúas partes implicadas, por iso, propoñemos como un tema para implantar no futuro a creación dun grupo ou rede de mediación de conflitos para que dea cobertura e solución ás diferentes problemáticas que poden aparecer no noso contorno escolar.

Como obxectivos específicos sobre convivencia para traballar este curso 2023-24 enumeramos os seguintes:

- Desenvolver no alumnado distintas habilidades sociais para unhas adecuadas relacións persoais.
- Fomentar a comunicación verbal e non verbal, para axudarlles a expresar sentimentos e emocións.
- Potenciar unha autoestima positiva.
- Concienciar da importancia do cumprimento das normas para unha convivencia adecuada.
- Fomentar o respecto cara ós demais.
- Usar estratexias de resolución de conflitos de xeito pacífico.

Estes obxectivos desenvolveríanse a través duns contidos que estando deseñados para potenciar actitudes de respecto e colaboración nos nosos alumnos, servisen de fío condutor para levar a cabo actividades que fomentasen o sentimento de grupo e a implicación efectiva e afectiva nos conflitos percibidos no centro, e dos que os alumnos son perfectos coñecedores; para iso traballaríase con temas coma os seguintes:

1. A educación en valores.
2. Educación emocional.
3. Convivencia pacífica.
4. Respetto ás normas establecidas.
5. Mediación escolar en resolución de conflitos.
6. Habilidades sociais.

Este curso 2023-24 planificamos diferentes actividades que pretenden ir acadando os obxectivos fixados e desenvolvendo os contidos formulados. Sinalamos a continuación as que a inicio de curso marcamos, sen prexuízo de que a medida que avance o curso poidan verse modificadas ou aumentadas en función das situacións que se nos presenten:

- Participación un ano máis no PLAN DIRECTOR da Garda Civil con varias charlas relacionadas coa convivencia.
- Organización dun acto o 25N contra a violencia de xénero.
- CIM Sarria: participación nas charlas ofertadas polo CIM de Sarria.
- CINEENSINO nas titorías desenvolvendo educación en valores (1 película ao mes).
- Desenvolvemento de sesións de HABILIDADES SOCIAIS nas horas de titorías.
- ABANCA FUNDACIÓN: participación en diferentes charlas e videoconferencias (entre elas unha sobre acoso escolar).
- OBRAS DE TEATRO co tema de fondo da violencia na sociedade (Golpes).

CAPÍTULO IV

19.- XESTIÓN ECONÓMICA DO CENTRO.

A xestión económica dun centro educativo debe ter coma obxectivo principal o uso dos recursos económicos para proporcionar a mellor formación para o alumnado. Xa que logo isto é importante ter criterios e directrices para seguir a toma de decisións relativas á xestión dos recursos materiais e económicos do centro de xeito que permitan facer un uso responsable dos mesmos.

Prioridades de gasto

- Manter as instalacións do centro nas mellores condicións posibles para poder proporcionar unha educación de calidade.
- Renovar o mobiliario e os materiais segundo vaia sendo necesario.
- Investir en tecnoloxía, recursos educativos, formación do profesorado e calquera outra cousa que mellore a formación do alumnado.
- Procurar unhas boas condicións de traballo, organización e seguridade para toda a comunidade educativa.
- Axustar os gastos ás necesidades reais do centro buscando sempre a mellor relación calidade-prezo para o centro.
- Implementar vías de compensación ante as desigualdades na nosa comunidade educativa.
- Tratar de aumentar os recursos económicos do centro.

Loxicamente, para a consecución destes obxectivos deberemos contar, cos órganos de goberno do Centro: Claustro e Consello Escolar colaborarán co Equipo Directivo na detección de necesidades, propostas de gasto, melloras, etc.

Proxecto de orzamentos

Elaborarase un anteproxecto de orzamentos de vixencia coincidente co ano natural, que se presentará á Comisión Económica e ao Consello Escolar e, posteriormente, enviarase á Xefatura Territorial da Consellería para o seu coñecemento, constancia e revisión para efectos de legalidade. Con todo, non é este un instrumento ríxido na súa aplicación xa que a norma permite, en determinadas situacións, modificacións do documento e incluso a posibilidade de prorrogalo no tempo.

Lexislación aplicable

Orde do 12 de xaneiro de 1988 pola que se regula a aprobación e xustificación dos gastos de funcionamento dos centros docentes públicos de niveis non universitarios (DOG do 21).

Decreto 7/1999 do 7 de xaneiro polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG do 26).

Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros públicos non universitarios (DOG do 4 de abril).